# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

IES VAL DO TEA- PONTEAREAS
CURSO 2022-2023

I. CONTEXTO E SITUACIÓN DO CENTRO 4

1. SITUACIÓN 4
A. ENSINANZAS QUE OFERTA O CENTRO 4
2. DATOS DO DEPARTAMENTO 4

II. ECONOMIA 4º ESO 6

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN . 7
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS. 7
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ESO 12
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAJE AVALIABLE. 13
A. TEMPORALIZACIÓN 14
B. CRITERIOS DE AVALIACIÓN 15
C. RELACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRADO MINIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA 17
D. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN 23
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIERE A MATERIA 23
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR 24
7. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO CON PRESENCIALIDADE 25
8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO CON DOCENCIA SEMIPRESENCIAL 26
9. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO CON DOCENCIA TELEMÁTICA 26
10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE 27
11. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES 28
12. AVALIACIÓN INICIAL DO ALUMNADO 28
13 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 29
14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS 29
15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES 31
16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 31

III. ECONOMIA 1º BACHARELATO 32

1. INTRODUCCIÓN 33
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVLOVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFIS DE COMPETENCIAS 33
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO. 38
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAJE AVALIABLE: 40
A. TEMPORALIZACIÓN 40
B. CRITERIOS DE AVALIACIÓN 42
C. RELACION DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRADO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA 45
D. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. 51
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIERE A MATERIA 51
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR 52
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO CON PRESENCIALIDADE 54

**8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO CON DOCENCIA SEMIPRESENCIAL 55**
**9. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO CON DOCENCIA TELEMÁTICA 55**
**10. INIDCADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE 56**
**11. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES 58**
**12. AVALIACIÓN INICIAL DO ALUMNADO 58**
**13. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 58**
**14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS 58**
**14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES 60**
**15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 60**

**IV.** ECONOMÍA **DE LA EMPRESA 2º BACHARELATO 61**

**1. INTRODUCCIÓN 62**
**2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVLOVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFIS DE COMPETENCIAS 62**
**3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO. 68**
**4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAJE AVALIABLE. 69**
A. TEMPORALIZACIÓN 69
B. CRITERIOS DE AVALIACIÓN 71
C. RELACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRADO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA 72
D. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN 79
**5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIERE A MATERIA 80**
**6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR 80**
**7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO CON PRESENCIALIDADE 81**
**8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO CON DOCENCIA SEMIPRESENCIAL 82**
**9. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO CON DOCENCIA TELEMÁTICA 82**
**10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE 83**
**11. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES 85**
**12. AVALIACION INICIAL DO ALUMNADO 85**
**13. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 85**
**14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS 86**
**15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES 86**
**16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 87**

**V. INICIATIVA A LA ACTIVIDAD ECONÓMICA Y EMPRESARIAL 88**

**VI. REFERENCIAS NORMATIVAS 95**

# I. CONTEXTO E SITUACIÓN DO CENTRO

## 1. SITUACIÓN

IES Val do Tea está situado na calle Feliciano Barrera,15 en Ponteareas. É una poboación en expansión e con gran crecemento.

Dadas as características maioritarias do alumnado do IES Val do Tea (entorno, nivel de estudos dos pais e nais, ocupación dos mesmos, etc) recollidas no PEC, a programación deberá ter en conta as seguintes consideracións:

Deberase dar prioridade, na programación da aula e na avaliación, a aspectos como:

Espertar o interese e a curiosidade pola ciencia mediante a aportación constante de exemplos e propostas de tarefas e actividades relacionadas con aspectos da vida cotiá e da actualidade.

Promover actividades que fomenten a adquisición de hábitos de traballo, de indagación crítica, de buscas e análises de información e de cooperación cos compañeiros/as e o entorno.

Favorecer o razoamento e a compresión, en lugar da memorización, de conceptos e leis.

Valorar o uso adecuado a cada circunstancia do tipo de linguaxe máis indicada en cada caso (expresión oral e escrita, utilización de símbolos, fórmulas e ecuacións, esquemas...

### A. ENSINANZAS QUE OFERTA O CENTRO

O IES Val do Tea é un centro público de Ensino Secundario Obrigatorio e Bacharelato dependente da Xunta de Galicia, ten capacidade para uns 500 alumnos e alumnas de idades comprendidas entre os 12 anos (1° ESO) e os 17-18 anos (2° de bacharelato).

Imparte Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), dúas modalidades de bacharelato (Ciencias e mais Humanidades e Ciencias Sociais), e ESA (niveis III-IV).

## 2. DATOS DO DEPARTAMENTO

| CURSOS | MATERIA | Nº GRUPOS | Nº ALUMNOS | Nº ALUMNOS PENDTES | PROFESORES |
|---|---|---|---|---|---|
| 4º ESO | ECONOMÍA | 1 | | 0 | MIGUEL ÁNGEL FONTÁN PÉREZ |
| 4º ESO | IAEE | 1 | | 0 | XURXO GÓMEZ ALONSO |
| 1º BACH | ECONOMÍA | 1 | | 0 | MIGUEL ÁNGEL FONTÁN PÉREZ |
| 2º BACH | ECONOMÍA DE LA EMPRESA | 1 | | 0 | MIGUEL ÁNGEL FONTÁN PÉREZ |

Coa materia impartida no centro contribúese a que o alumnado comprenda o mundo que nos rodea, que teñan unha visión crítica do mesmo e fomentarlle a ansia de coñecer e aprender conceptos que lle van ser de utilidade ao longo da súa vida e nos seus futuros estudos.

A economía, hoxe en día, está presente no interese da sociedade debido a problemas tan importantes como o paro, a inflación, o desenvolvemento dos países, a emigración, problemas ecolóxicos, solidariedade etc. Tamén as persoas de forma individual vense inmersas neste tipo de cuestións, subidas de prezos, posibilidade de pedir préstamos para financiar vivendas, procura dun posto de traballo adecuado, pago de impostos etc.

Os medios de comunicación reflicten estes temas, dedicando boa parte dos seus espazos a tratalos, sen que ás veces os cidadáns comprendan de forma adecuada as análises e reflexións que se lles transmiten.

Todas estas cuestións fan que na actualidade sexa necesario para a xente, dispoñer duns coñecementos básicos sobre economía para poder entender o mundo en xeral e poder solucionar con máis éxito os seus problemas persoais. Non se pode entender a cultura no seu máis amplo sentido, sen as oportunas referencias a uns mínimos saberes económicos.

É necesario, polo tanto, introducir nos currículos dos alumnos que cursan ESO e bacharelato, unha materia que aporte solucións aos problemas citados que lles axude a ter unha visión máis ampla sobre a sociedade actual, se queremos que no futuro os actuais novos entendan, participen e decidan as solucións mellores aos problemas que se lles presentarán. A gran maioría de países da nosa contorna incluíron hai xa tempo, a economía nos seus plans de estudo.

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

# II. ECONOMIA 4º eso

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a compresión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día mías valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

## 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Esta programación didáctica recolle, para 4º de ESO, no que se refire á materia de Economía, o expresado no RD 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato onde se expoñen as competencias claves e na Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, axústase e responde as orientacións da Unión Europea, que insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posible o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento, e será leste o criterio no que fundamentaremos a orientación metodolóxica do noso proxecto, o desenvolvemento das competencias clave citadas.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor

A efectos desta orde, as competencias clave do currículo son as seguintes:

a) Comunicación lingüística (CCL)
b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCCT).
c) Competencia dixital(CD).
d) Aprender a aprender (CAA).
e) Competencias sociais e cívicas(CSC).
f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor(CSIEE).
g) Conciencia e expresións culturais(CCEC).
h) (Competencia financeira)

| CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE CURSO: ECONOMÍA – 4º ESO | CCL | CMCCT | CD | CSC | CAA | CSIEE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: IDEAS ECONÓMICAS BÁSICAS** | | | | | | | |
| ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. | x | | | X | | | |
| ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. | | | x | | X | | |
| ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. | x | | | | | | |
| ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. | | | | x | x | | |
| ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. | | x | X | | | | |
| ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. | | x | | X | | | |
| ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. | | x | | x | | | |
| **BLOQUE 2. ECONOMÍA E EMPRESA** | | | | | | | |
| ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. | | x | | | | X | |
| ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | | | x | | x | | |
| ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. | | | | x | | X | |
| ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | | x | | X | | | |
| ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. | | | x | X | | | |
| ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | x | x | X | | | | |
| ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | | x | X | | | | |
| ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. | | x | X | | | | |
| ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. | | | | x | | | |
| **BLOQUE 3. ECONOMÍA PERSOAL** | | | | | | | |
| ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. | | x | x | | X | | |
| ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. | | x | x | | x | | |
| ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. | | x | x | | X | | |

| **CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE CURSO: ECONOMÍA – 4º ESO** | **CCL** | **CMCCT** | **CD** | **CSC** | **CAA** | **CSIEE** | **CCEC** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. | | | | | x | X | |
| ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. | | | | x | X | | |
| ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. | | | | X | x | | |
| ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. | x | X | | | | | |
| ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. | x | | x | | X | | |
| ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. | | | x | | X | | |
| ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. | x | x | X | | | | |
| ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. | x | x | | | X | | |
| **BLOQUE 4. ECONOMÍA E INGRESOS E GASTOS DO ESTADO** | | | | | | | |
| ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. | | x | | X | | | |
| ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. | | x | X | | | | |
| ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. | | x | | X | | | |
| ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | | x | | | X | | |
| ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. | x | X | | | | | |
| ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. | x | x | | X | | | |
| ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda | | x | x | | X | | |
| **BLOQUE 5. ECONOMÍA E TIPOS DE XURO, INFLACIÓN E DESEMPREGO** | | | | | | | |
| ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | x | | | X | | | |
| ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. | x | x | | X | | | |
| ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. | | x | X | | | | |

| **CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE CURSO: ECONOMÍA – 4º ESO** | **CCL** | **CMCCT** | **CD** | **CSC** | **CAA** | **CSIEE** | **CCEC** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | x | x | | X | | | |
| ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. | | | x | X | | | |
| ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. | | | x | | X | | |
| **BLOQUE 6. ECONOMÍA INTERNACIONAL** | | | | | | | |
| ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. | | | | x | X | | |
| ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. | x | | | X | | | |
| ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. | | | x | x | X | | |
| ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. | x | | x | X | | | |
| ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | | | | x | x | | |

A materia de Economía xoga un papel relevante para que os alumnos alcancen os obxectivos da etapa e adquiran as distintas competencias clave, a través da materia de Economía desenvólvense todas elas, especialmente a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a competencias sociais e civicas, competencia dixital, dada a vinculación dos contidos da materia de Economía.

O desenvolvemento das competencia linguistca, aprender a aprender (CAA) e a competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) presentan unha dimensión instrumental . Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñarase actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos

- **Comunicación lingüística** :Nesta materia poñerase de manifesto esta competencia para que o alumno coñeza e utilice correctamente diferentes termos relacionados coa área da economía, entre outros, para explicitar a diferenza entre economía normativa e positiva, distinguir entre as diferentes formas societarias, explicar a importancia do aforro e o control do gasto nunha economía persoal e comprender o contido e significado dos diferentes soportes documentais bancarios. Tamén se utilizará para que poida expresar de forma razoada os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos xeralmente utilizados para a súa redistribución, para explicar e recoñecer as causas da inflación, desemprego e valorar o proceso de integración na Unión Europea.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** : Gran parte dos acontecementos económicos son abordados mediante a realización de cálculos, gráficos e expresións alxébricas. En concreto, utilizarase esta competencia matemática para analizar graficamente, entre outras cuestión, o custo de oportunidade, coñecer as distintas formas de financiamento das empresas, elaborar orzamentos personalizados e utilizar instrumentos

gráficos para a súa representación, coñecer cuantitativa e graficamente os ingresos e gastos do Estado, valorar os datos e gráficos relacionados con diferentes magnitudes como os tipos de interese, a inflación e o desemprego. Tamén as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía van desenvolver desde esta disciplina, xa que será imprescindible a utilización destes coñecementos para concienciarse da necesidade de alcanzar un desenvolvemento sustentable e da realización de actividades económicas que respecten o medio ambiente e fagan unha utilización racional dos recursos naturais dispoñibles.

- **Competencia dixital** : O desenvolvemento desta competencia implica o uso creativo, crítico e seguro das TIC, de tal forma que permite adquirir habilidades e actitudes necesarias para ser competente nunha contorna dixital. Esta materia vai axudar á consecución desta competencia por canto a maior parte da información que se utiliza no ámbito económico obtense de páxinas web e outras fontes da internet. O alumno utilizará programas informáticos para a elaboración de gráficas e análises de datos económicos, elaboración de orzamentos e plans financeiros individualizados e tamén na elaboración e presentación de traballos, tanto persoais como grupais.

- **Competencias sociais e cívicas**: Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade e para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados. A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo que desenvolve actitudes e valores como a integridade e a honestidade. O coñecemento dos efectos sociais e ambientais das empresas, o funcionamento básico dos impostos, a relevancia social do aforro e o investimento, o coñecemento dos efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución da mesma, as causas do desemprego e as súas principais repercusións económicas permitirán aos alumnos alcanzar as destrezas, actitudes e valores implícitos nesta competencia. A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís, todos eles necesarios para comprender e entender as experiencias colectivas e a organización e funcionamento do pasado e presente das sociedades e en particular da organización económica das mesmas. Nun mundo globalizado, onde o fenómeno migratorio é tan importante, será necesario desenvolver un espírito aberto, positivo e solidario respecto doutras culturas, que cada vez máis, vanse incorporando á nosa.

- **Aprender a aprender :** Esta competencia é imprescindible para a aprendizaxe permanente e caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. En economía o mundo que estudamos é moi cambiante, polo que os alumnos deberán ser capaces de asimilar novos coñecementos e situacións, que só desenvolvendo esta competencia, poderán adquirir. As destrezas e actitudes que a integran evidéncianse na capacidade para tomar conciencia dos principios básicos a aplicar nas relacións económicas, coñecer as obrigacións fiscais da empresa segundo o seu sector de actividade e os seus distintos cambios ao longo do tempo, comprender as necesidades de planificación financeira ao longo da vida, recoñecer e comprender a necesidade de ler os documentos bancarios que se presenten, investigar os ámbitos de oportunidades de emprego, determinar o impacto social da desigual redistribución da renda ou para valorar o impacto da globalización na calidade de vida das persoas e o medio ambiente.

- **Sentido de iniciativa y espírito emprendedor**: Implica a capacidade de transformar as ideas en actos, permitindo o aproveitamento de novas oportunidades que inclúen a conciencia dos

valores éticos relacionados. Nesta materia desenvolveranse as capacidades integradas nesta competencia a través dos seguintes contidos: as decisións básicas da economía; o coñecemento das relacións entre as economías domésticas e as empresas; a empresa e o empresario; as distintas formas xurídicas das empresas; o risco e a necesidade de diversificación; a capacidade para recoñecer oportunidades existentes en actividades comerciais e profesionais,; a habilidade de negociación nas distintas operacións mercantís e financeiras, disposición para valorar distintas opcións para combater o desemprego, a inflación e outros problemas económicos e sociais. Esta competencia poténciase especialmente nesta materia, posto que inclúe a capacidade de comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento económico das sociedades, a organización e os procesos empresariais, así como a postura ética das organización.

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS Da ESO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona

A contribución os obxetivos nesta materia respeta as relacións que establece o Decreto 86/2015, do 25 de xuño. En particular, o logro do grao mínimo de consecución dos diferentes estándares de aprendizaxe contribuirá as competencias do alumnado e o alcance dos obxetivos de etapa establecidos no citado texto normativo.

## 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAJE AVALIABLE.

### A. TEMPORALIZACIÓN

| 1º | UNIDADES DIDÁCTICAS | | | TEMPORALIZACIÓN | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Tema U.D | CONTIDO | | MES | SESIONS |
| | | BLOQUE 1. IDEAS ECONÓMICAS BÁSICAS | | | |
| | 1 | B1.1 | Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. | SEP/ | 9 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| EVALUACIÒN | | B1.2 | Principios na toma de decisións económicas. | OUT | |
| | | B1.3 | Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. | | |
| | | B1.4 | O método na economía: modelos económicos. | | |
| | 2 | B1.5 | Fronteira de posibilidades de produción. | OUT | 9 |
| | | B1.6 | As relacións económicas básicas e a súa representación | | |
| | | **BLOQUE 2. ECONOMÍA E EMPRESA** | | | |
| | 3 | B2.1 | A empresa e o/a empresario/a. | OUT/ NOV | 9 |
| | | B2.2 | Elementos, funcións e obxectivos da empresa. | | |
| | | B2.3 | Clases de empresas. | | |
| | | B2.4 | Formas xurídicas da empresa. | | |
| | | B2.5 | Proceso produtivo e factores produtivos. | | |
| | | B2.6 | Sectores da actividade económica. | | |
| | 4 | B2.7. | Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento. | NOV/ DEC | 10 |
| | | B2.8 | Ingresos e custos da empresa: clasificación | | |
| | | B2.9 | Resultados da empresa | | |
| | | B2.10. | Obrigas fiscais das empresas. | | |
| | | **BLOQUE 3. ECONOMÍA PERSOAL** | | | |
| 2º EVALUACIÓN | 5 | B3.1 | Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos | XAN | 9 |
| | | B3.2. | Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades | | |
| | | B3.3. | Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida. | | |
| | | B3.4. | Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. | | |
| | | B3.5. | Risco e diversificación. | | |
| | 6 | B3.6. | O diñeiro | XAN/ FEB | 9 |
| | | B3.7. | Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito | | |
| | | B3.8. | Relacións no mercado financeiro: información e negociación | | |
| | 7 | B3.9. | Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das | FER | 5 |
| | | B3.10 | O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros | | |
| | | **BLOQUE 4. ECONOMÍA E INGRESOS E GASTOS DO ESTADO** | | | |
| | 8 | B4.1 | Orzamentos púlicos: ingresos e gastos do Estado. | MARX | 10 |
| | | B4.2 | A débeda pública e o déficit público. | | |
| | | B4.3. | Desigualdades económicas e distribución da renda. | | |
| 3º EVALUACIÓN | | **BLOQUE 5. ECONOMÍA E TIPOS DE XURO, INFLACIÓN E DESEMPREGO** | | | |
| | 9 | B5.1. | Tipos de xuro | MARX/ ABR | 9 |
| | | B5.2. | Inflación. | | |
| | | B5.3. | Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación. | | |
| | 10 | B5.4. | Desemprego: clasificación e consecuencias. | | |
| | | B5.5. | Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia | | |
| | | B5.6. | Perspectivas da ocupación | | |
| | | **BLOQUE 6. ECONOMÍA INTERNACIONAL** | | | |
| | 11 | B6.1. | Globalización económica. | ABR | 9 |
| | 12 | B6.2. | Comercio internacional. | MAI | 10 |
| | | B6.3. | Integración económica e monetaria europea. | | |
| | 11 | B6.4. | Economía e ambiente: sustentabilidade. | XUN | 9 |

Distribuíronse os contidos en diferentes unidades didácticas. Con todo, poderase alterar a orde dos contidos e seccións de cada unidade se considera necesario ou conveniente. Do mesmo xeito, a temporalización é unha estimación que poderá variar o longo do curso.

B. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado.

Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Os criterios de avaliación distribuíronse nos 6 bloques que conforman o novo currículo oficial de 4º de ESO da LOMCE, na materia de Economía, a través do seguinte cadro:

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|
| **BLOQUE 1. IDEAS ECONÓMICAS BÁSICAS** |
| B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas. |
| B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles. |
| B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades |
| **BLOQUE 2. ECONOMÍA E EMPRESA** |
| B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato. |
| B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo |
| B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas. |
| B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio. |
| B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais. |
| **BLOQUE 3. ECONOMÍA PERSOAL** |
| B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. |
| B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social. |
| B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos. |
| B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade |
| B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. |
| **BLOQUE 4. ECONOMÍA E INGRESOS E GASTOS DO ESTADO** |
| B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución. |
| B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público. |
| B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda. |
| **BLOQUE 5. ECONOMÍA E TIPOS DE XURO, INFLACIÓN E DESEMPREGO** |
| B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes. |

| |
|---|
| B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego |
| **BLOQUE 6. ECONOMÍA INTERNACIONAL** |
| B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente. |

**Os estándares de aprendizaxe básicos** desta área se corresponden co grao mínimo de consecución para superar a materia. Debe ser entendido como unha situación de aprendizaxe precisa e explícita o que o alumnado debe saber e saber-facer e que será considerada a como unha aprendizaxe imprescindible sen o cal o alumnado podería ter graves dificultades para continuar o proceso de ensino aprendizaxe na nosa materia.

C. RELACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E Grao mínimo de consecución para superar a materia.

| COMPE-TENCIAS CLAVE | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE | GMC | PROBA ESCRIT | PRODUC. ALUMN |
|---|---|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1. IDEAS ECONÓMICAS BÁSICAS** | | | | | |
| CCL<br>CSC | B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas. | ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CD | | ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CCL | B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles. | ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CSC | | ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CD<br>CMCCT | | ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CMCCT<br>CSC | B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades. | ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CMCCT<br>CSC | | ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. | **50%** | **80%** | **20%** |
| **COMPE-TENCIAS CLAVE** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE** | **GMC** | **PROBA ESCRIT** | **PRODUC. ALUMN** |

| BLOQUE 2. ECONOMÍA E EMPRESA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| CMCCT<br>CSIEE | B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato. | ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CD | | ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSIEE<br>CSC | | ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CMCCT<br>CSC | B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo. | ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CD<br>CSC | | ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CCL<br>CD<br>CMCCT | B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas. | ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CD<br>CMCCT | B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio. | ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CD<br>CMCCT | B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais. | ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSC | | ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. | **50%** | **80%** | **20%** |
| **COMPE-TENCIAS CLAVE** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE** | **GMC** | **PROBA ESCRIT** | **PRODUC. ALUMN** |

| BLOQUE 3. ECONOMÍA PERSOAL | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| CAA<br>CD<br>CMCCT | B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. | ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CD<br>CMCCT | | ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CD<br>CMCCT | | ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CSIEE | B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social. | ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CSC | B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos. | ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CSC | | ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CCL<br>CMCCT | B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade. | ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CCL<br>CAA<br>CD | | ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. | **50%** | **80%** | **20%** |
| **COMPE-TENCIAS CLAVE** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE** | **GMC** | **PROBA ESCRIT** | **PRODUC ALUMN** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| CAA<br>CD | | ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CCL<br>CD<br>CMCCT | | ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CCL<br>CMCCT | B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. | ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. | **50%** | **80%** | **20%** |
| **BLOQUE 4. ECONOMÍA E INGRESOS E GASTOS DO ESTADO** | | | | | |
| CMCCT<br>CSC | B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución. | ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CD<br>CMCCT | | ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CMCCT<br>CSC | | ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CCL<br>CSC | | ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CCL<br>CMCCT | B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público. | ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CCL<br>CMCCT<br>CSC | B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda. | ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. | **50%** | **80%** | **20%** |
| **COMPE-TENCIAS CLAVE** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE** | **GRADO MÍNIMO** | **PROBA ESCRIT** | **PRODUC. ALUMN** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| CAA<br>CD<br>CMCCT | | ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda | **50%** | **80%** | **20%** |
| **BLOQUE 5. ECONOMÍA E TIPOS DE XURO, INFLACIÓN E DESEMPREGO** | | | | | |
| CCL<br>CSC | B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes. | ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CCL<br>CMCCT<br>CSC | | ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CD<br>CMCCT | | ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CCL<br>CMCCT<br>CSC | B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego. | ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CD<br>CSC | | ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CD | | ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. | **50%** | **80%** | **20%** |
| **BLOQUE 6. ECONOMÍA INTERNACIONAL** | | | | | |
| CAA<br>CSC | B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente. | ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CCL<br>CSC | | ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. | **50%** | **80%** | **20%** |
| **COMPE-TENCIAS CLAVE** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE** | **GRADO MÍNIMO** | **PROBA ESCRIT** | **PRODUC. ALUMN.** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| CAA<br>CD<br>CSC | | ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CCL<br>CD<br>CSC | | ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CSC | | ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | **50%** | **80%** | **20%** |

Ós estándares de aprendizaxe atribuíselles un grao de consecución do 50% e serán avaliados cos procedementos e instrumentos correspondentes. O GMC poderase acadar a través dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación, cuxo peso ven especificado na táboa. Finalmente, o peso específico de cada estándar de aprendizaxe na cualificación final é o mesmo para todos.

D. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación dos estándares de aprendizaxe compre a utilización de procedementos e instrumentos de avaliación diversos. A táboa anterior recolle os mesmos para a convocatoria ordinaria ou avaliación continua.

Nos *procedementos de avaliación* recollemos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo.

*Os* instrumentos de avaliación constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes. No curso 4º da ESO utilizaranse os seguintes:

| PROCEDIMIENTOS | INSTRUMENTOS |
|---|---|
| ● **Análise de produción do alumnados (PA)** | ● Resolucións de exercicios e prácticas realizadas na clase, fora da clase recollidas na libreta.<br>● Realización de traballos individuais e colectivos. |
| ● **Proba escrita** | Diferentes probas escritas, normalmente por Bloque ou UD |

- **Análise da produción dos alumnos**:
  - Realización e corrección dos exercicios, os exercicios feitos na clase e na casa, tarefas, e as técnicas de traballo desenvolvidas.
  - Presentación escrita de tarefas específicas: traballos individuais (búsqueda noticias en diarios, evolución de variables económicas, investigacións, etc.)

- **Probas escritas**

Realización unha ou máis probas por avaliación, valorada cada unha sobre 10. Cada unha delas poderá comprender:

- Preguntas tipo test de resposta múltiple.
- Unha parte práctica (problemas e/ou representacións gráficas) con carácter analítico.
- Finalmente, unha serie de cuestións de tipo teórico, a desenvolver de forma razoada polo alumno.

En cada proba específica indicarase ao alumnado a valoración correspondente a cada pregunta.

O profesor/a terá a disposición dos alumnos os criterios de corrección correspondentes a cada instrumento de avaliación.

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIERE A MATERIA

Sendo conscientes de que os alumnos que forman o grupo de clase, xeralmente, ten diferentes motivacións, capacidades, ambiente social, etc., unido ao feito de que como docentes temos como meta a formación integral do alumno, formándoo en todas as súas capacidades, non soamente as cognitivas supón para o profesor/profesora a necesidade de atender esas diferenzas, por iso utilizaranse ao longo do curso diversos modelos metodolóxicos:

Modelo expositivo: presentando o tema estruturado loxicamente para transmitir os coñecementos ao alumno e permitir que o alumno comprenda e sistematice os coñecementos especificativos da unidade didáctica.

Colaborativo: fomentando a participación dos alumnos durante a presentación do tema, na maior medida posible. Esta metodoloxía queda condicionada á evolución sanitaria.

Análise de casos ou exercicios prácticos co obxectivo de fixar os conceptos e interpretar noticias económicas ( uso fundamental de periódicos, Internet, aula virtual) Os alumnos realizarán exercicios na aula e tamén na casa.

Traballo por tarefas, por proxectos. O profesor/profesora poderá propoñer ao longo das distintas avaliacións diversos traballos que versarán sobre os distintos contidos da materia. Os traballos, xa sexan individuais ou en grupo, poderán expoñerse polo alumnado na aula. Promoveranse actividades próximas aos intereses dos alumnos e a realidade económica actual.

Estas metodoloxías favorecerán o traballo individual unhas veces e outras o traballo en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, así como o uso de técnicas e hábitos de investigación.

Sendo fundamental para os alumnos o uso das tecnoloxías da información e comunicación as cales preténdense potenciar dada a situación sanitaria.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

Durante o proceso de ensino e aprendizaxe da materia o profesor/profesora apoiarase basicamente no seguinte material didáctico:

Libros de texto guía :

- A. Penalonga "**ECONOMÍA**". Editorial 4º ESO Editorial Mac Graw Hill.
- Dicionario económico.
- Recortes de prensa relacionados con distintos conceptos económicos que servirán como actividade para o alumno; reflexionando e fixando os conceptos, debendo facer os alumnos comentarios sobre os mesmos, co cal será moi importante a participación do alumnado no desenvolvemento da clase.
- A taboleiro dixital, axudará nas explicacións do profesor.
- A aula de informática: busca de distintas fontes de información, portais educativo
- Folla de cálculo.
- Vídeos didácticos dispoñibles en plataformas educativas ás que ten acceso o centro.
- Utilización da Aula Virtual, o profesor colgará contidos e diferentes tarefas que o alumnado deberá entregar.
- Páxinas web (entre outras):

  www.datosmacro.com
  www.ine.es
  www.ige.eu
  www.bde.es
  www.consumo-inc.es www.ige.eu
  www.rmc.e www.cnmc.e
  www.seg-social.es
  www.sepe.es
  www.circe.es etc

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO con presencialidade

**Convocatoria ordinaria**

A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso. Para aprobar a materia necesítase obter avaliación positiva (cinco ou superior sobre 10) en cada unha das tres partes.

**A nota final da convocatoria ordinaria será resultado da media aritmética das tres avaliacións do curso, sendo requisito aprobalas todas.**

A nota de cada avaliación ordinaria estará formada, nun 80% pola cualificación mediante as probas escritas e nun 20% pola produción e o traballo do alumnado.

**A nota de cada avaliación ordinaria en Economía** obterase como resultado de:

- **Probas escritas (80%)**

As probas escritas, con carácter xeral, sobre un bloque completo de contidos do currículo. Para obter unha cualificación positiva en cada avaliación, cómpre superar a proba escrita; **sen posibilidade** de compensación se a **cualificación é inferior a 4.**

- **Produción (20%)**

**A entrega de tarefas é condición necesaria para obter cualificación positiva en cada avaliación, pero non suficiente.**

Incluiranse notas do traballo na clase, realización dos exercicios para facer na clase, na casa, traballos individuais ou colaborativos.

Na corrección das probas escritas e traballos, terase en conta ademais dos contidos requiridos, as evidencias na adquisición de competencias. A tal efecto, poderase penalizar cada falta ortográfica de expresión, incoherencias ou falta de cohesión con ata 0,10 puntos.

Os traballos propostos durante o curso terán que ser entregados nas datas sinaladas. Os que sexan entregados máis tarde non serán recollidos, polo que serán cualificados cun cero.

Non se permitirán medios fraudulentos (chuletas, teléfono móbil, auriculares e en calquera outro tipo de soporte) nos exames, exercicios, traballos e probas. No caso de coñecer tales feitos as evidencias de aprendizaxe non serán avaliadas e a actuarase conforme ao disposto nas NOF.

**Recuperacións e nota final**

**Ofrirase a posibilidade de recuperar a avaliación suspensa o inicio da seguinte e ofrirase tamén unha segunda oportunidade de recuperación ao final do curso**. Alternativamente e sempre a criterio do profesor, o alumnado que suspenda unha avaliación por non acadar o GMC só nalgún estándar de aprendizaxe ou en varios relacionados, poderá voluntariamente realizar un traballo de investigación de carácter expositivo por medios físicos ou dixitais como alternativa á proba escrita. Tanto a proba escrita como a alternativa do traballo expositivo conservarán o peso do 80% e precisan igualmente acadar un mínimo de 4 sobre 10.

Ao finalizar o curso, **no mes de xuño**, farase unha proba final da materia para os alumnos que no acadaron o GMC en tódolos estándares asociados ós contidos traballados. A esta proba deberán presentarse os alumnos que teñan que recuperar algunha das avaliacións. No referente a recuperación, a cualificación final do alumnado terá en conta o 20% da produción durante o curso sempre que isto favoreza ó alumnado. En caso contrario o peso da proba escrita será dun 100%.

Co obxectivo da preparación das probas de recuperación, o profesor proverá ao alumnado das correspondentes actividades de seguimento, reforzo e apoio.

Por último e con carácter xeral, valorarase a actitude hacia a materia mostrada polo alumnado durante o desenvolvemento das aulas; a súa motivación, cooperación, esforzo mostrado na resolución das actividades propostas e o seu grao de participación. Esta actitude positiva reflítese no 20% da produción. Neste sentido, para o alumnado que obteña al menos un 5 sobre 10 durante a avaliación isto poderá supoñer un redondeo de ata 0,5 puntos na cualificación da avaliación ordinaria.

O alumnado que **non supere a materia na convocatoria ordinaria**, poderá acceder a unha proba escrita na **convocatoria extraordinaria de setembro**, que versará sobre os contidos tratados ao longo do curso e cun peso na cualificación do 100%. A materia quedará superada ou aprobada se o alumno obtén unha cualificación igual o superior a 5 puntos sobre 10.

## 8. criterios sobre DOCENCIA, avaliación, cualificación e promoción do alumnado con docencia semipresencial.

Se a situación sanitaria obrigase a levar a cabo unha docencia semipresencial, entendendo como tal a presencia rotatoria do alumnado, priorizarase o traballo práctico de carácter analítico (resolución de problemas, interpretación de gráficos, análisis de situaciones, etc.) e o traballo teórico traballaríase de manera virtual a través de ferramentas como a Aula Virtual do centro.

Neste contexto considérase viable a realización das probas escritas polo que é de aplicación os criterios de avaliación, cualificación e promoción do apartado 7 anterior. Pese á modificación dos instrumentos de avaliación, mantéñense os mínimos a superación da materia ó final do curso e por avaliación.

## 9. CRITERIOS SOBRE DOCENCIA, AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓNE PROMOCIÓN DO ALUMNADO con DOCENCIA TELEMÁTICA.

Se a situación sanitaria obrigase a levar a cabo unha docencia 100% telemática, as ferramentas TIC como a Aula Virtual do centro funcionarán como apoios metodolóxicos para a docencia. Buscarase garantir o acceso ó alumnado ós contidos mediante materiais de traballo periódico obxeto de avaliación.

A avaliación do alumnado dependerá exclusivamente da produción cuxo peso específico será do 100%. O peso específico das diferentes tarefas, así como a data máxima de entrega reflectiranse en cada unha delas.

A impartición de sesións virtuais queda condicionada a dispoñibilidade de medios telemáticos, así como a súa viabilidade, dependente de aspectos como a calidade da conexión ou a Ley de Protección de Datos para o conxunto da comunidade educativa, principalmente o alumnado. Neste último sentido, a única ferramenta que este departamento contempla é a autorizada actualmente pola Consellería, Webex.

Pese a modificación dos instrumentos de avaliación, mantéñense os mínimos a acadar para a superación da materia ó final do curso e por avaliación.

## 10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Como establece o decreto 86/2015, do 25 de xuño do currículo de Galicia nos artigos

21.3 (ESO) e 33.4 (BAC) o profesorado avaliará súa propia práctica docente, establecendo **indicadores de logro** nas programacións didácticas. O Departamento de Economía estableceu os seguintes indicadores de logro.

A valoración de cada unha das cuestións suscitadas realízase nunha escala de 1 a 4, marcando con X na casilla correspondente, tendo en conta que:

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **I. SOBRE ASPECTOS XERAIS** | | | | | |
| **VALORA A INFLUENCIA QUE HAN TER NA TÚA PRÁCTICA DOCENTE OS SEGUINTES ASPECTOS** | | | | | |
| | **VALORACIÓN** | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. | O número de alumnos dos grupos aos que deches clase | | | | |
| 2. | A heteroxeneidade do alumnado | | | | |
| 3. | O interese do alumnado pola materia | | | | |
| 4. | A cantidade de actividades extraescolares feitas polos grupos aos que se lles deu clase | | | | |
| 5. | O comportamento dos grupos aos que se lle deu clase | | | | |
| 6. | O plan de Atención á Diversidade do Centro | | | | |
| 7. | A hora de desenvolver as clases, tiven en conta as características dos alumnos | | | | |
| 8. | No desenvolvemento das clases, impliquei aos alumnos | | | | |
| 9. | Levei a termo a programación prefixada | | | | |
| 10. | Informei a cada grupo de alumnos dos elementos esenciais da programación da materia | | | | |
| 11. | Perdín tempo nas clases por falta de previsión ou planificación por miña parte | | | | |
| **II. SOBRE RELACIÓNS PROFESOR-ALUMNOS** | | | | | |
| 12. | Fun respetuosa e dialogante con todos e cada un de meus alumnos | | | | |
| 13. | Tiven en conta os seus intereses e as suas necesidades | | | | |
| 14. | Promovín entre eles boas relacións de traballo | | | | |
| 15. | Propiciei o traballo en grupo na clase | | | | |
| 16. | Preocupeime de “formar” e non só de “informar” | | | | |
| 17. | Preocupeime por su crecemento intelectual, humán, afectivo i ético | | | | |
| 18. | Fomentei entre meus alumnos a capacidade de análisise e síntesise | | | | |
| 19. | Promovin entre os meus alumnos a participación e colaboración | | | | |
| 20. | Promovin entre os meus alumnos a crítica constructiva e reflexiva | | | | |
| 21. | Fomentei entre os meus alumnos o razonamento lóxico | | | | |
| 22. | Fomentei entre os meus alumnos a comunicación oral e escrita | | | | |
| 23. | Promovin entre os meus alumnos a educación en valores | | | | |
| **INTÉI ENTRE OS MEUS ALUMNOS PROMOVER:** | | | | | |
| 24. | Actitude de autenticidade, honradez | | | | |
| 25. | Actitude de participación | | | | |
| 26. | Disciplina, responsabilidade | | | | |
| 27. | Sinceridade | | | | |
| | **VALORACIÓN** | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 28. | Tolerancia, respeto cara os demais e á natureza, solidariedade | | | | |
| 29. | Capacidade crítica | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 30. | Compañeirismo | | | | |
| 31. | Traballo en equipo | | | | |
| 32. | Gusto polo traballo ben feito | | | | |
| **III. SOBRE ASPECTOS FORMATIVOS** | | | | | |
| 33. | Estou o corrente dos últimos avances científicos en relación coas materias que imparto | | | | |
| 34. | Levo a cabo con asiduidade actividades de formación | | | | |
| 35. | Preocupeime por coñecer a realidade nacional e internacional que poida repercutir nas miñas materias | | | | |
| 36. | Preocupeime por la innovación educativa | | | | |
| **IV. SOBRE ASPECTOS METODOLÓXICOS** | | | | | |
| 38. | Preparei as clases con tempo suficiente | | | | |
| 39. | Utilicei a metroloxía posta na programación | | | | |
| 40. | Facilitei os meus alumnos que “ aprendan a aprender” | | | | |
| 41. | Utilicei diferentes metodoloxías, según a materia, o momento e as necesidades de todos os meus alumnos” | | | | |
| 42. | Axudei ós meus alumnos a facer resumes i esquemas dos temas da materia | | | | |
| 43 | Introducín cambios metodolóxicos en función dos resultados obtidos polos alumnos | | | | |
| **V. SOBRE A UTILIZACIÓN DE MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS** | | | | | |
| 44. | Aportei as clases materias complementarios e actualizados | | | | |
| 45. | Utilicei materiais variados na clase: artigos de prensa, revistas, cómics, vídeos, etc. | | | | |
| 46. | Utilicei habitualmente as tecnoloxías da información e da comunicación( TIC) nas miñas clases | | | | |
| **VI. SOBRE MIÑA ACTIVIDADE AVALIADORA** | | | | | |
| 49. | Realicei a avaliación da acordo a ditos criterios. | | | | |
| 50. | Para poñer a cualificación tiven en conta os criterios de cualificación fixados na programación | | | | |
| 51. | Os procedementos e instrumentos de avaliación que utilicei foron axeitados ao alumnado a quen van dirixidos. | | | | |
| 5.2 | Informei a meus alumnos dos resultados da avaliación | | | | |
| 53. | Estou ó corrente das derradeiras normativas sobre avaliación | | | | |
| 54. | Eu auto avalíome con frecuencia aínda que non me lo exixan | | | | |
| 55. | Procurei que as sesións de avaliación non foran “ un canto de notas” | | | | |

## 11. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, de ser o caso.

Non é de aplicación xa que o alumnado con materia pendente en 4º da ESO logrou recuperar a materia na convocatoria de setembro

## 12. AVALIACIÓN INICIAL DO ALUMNADO

O inicio do curso farase unha avaliación non computable dos coñecementos previos da materia así como os seus intereses co fin de adaptar a práctica docente á realidade dos grupos.

## 13. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Sendo conscientes de que ó alumnado que forman o grupo clase son distintos nas súas motivacións, capacidades, ambiente social, etc., unido ao feito de que como docentes temos como meta a formación integral do alumnado, contémplanse as seguintes medidas de carácter ordinario:

- Emprego de metodoloxías didácticas diversas, como recurso que se pode introducir nas formas de enfocar ou traballar determinados contidos ou actividades como consecuencia dos distintos graos de coñecementos e tipos de intelixencias detectadas no alumnado.

- Proposta de actividades diferenciadas e variadas, que se adaptarán ás motivacións, intereses e necesidades que presenten os alumnos. Para o alumnado con dificultades para acadar os estándares de aprendizaxe se traballará de xeito individual e ofrirase actividades de reforzo específicamente diseñadas.

- Materiais didácticos diversos. O emprego recursos didácticos variados permitirá unha mellor adaptación aos diferentes tipos de capacidades, intereses e motivacións dos alumnos, utilizando en cada caso aqueles que resposten mellor ás necesidades individuais.

- Agrupamentos flexibles e ritmos distintos, condicionado á variable sanitaria. Na medida en que se promova o traballo en equipo, farase máis doado a interacción entre os alumnos. Ademais, ao subdividir o grupo de alumnos en grupos homoxéneos, resultará máis sinxelo axeitar a axuda pedagóxica ás súas necesidades específicas.

## 14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

***Educación ao consumidor***: Nas dúas primeiras unidades analízase unha visión do consumo como relación necesaria para a satisfacción das necesidades humanas e aos consumidores como axentes económicos fundamentais. Na unidade 3, sobre o mercado, analízase o consumo desde un punto de vista técnico e individual.

***0s problemas dos países en vías de desenvolvemento:*** Trátase de xeito especial na unidade 12, relacionándoos cos factores que fan posibles as desigualdades.

***Educación para a igualdade de oportunidades:*** O estudo do mercado de factores na unidade 4 trata o tema das desigualdades desde un punto de vista laboral.

***Formación e orientación laboral:*** Todo o estudo da economía mete ao alumnado no mundo da empresa. Serve para que coñezan o mundo da produción, as empresas, os mercados e os elementos mais básicos dun sistema económico ao que se incorporarán como traballadores.

***Educación ambiental***: A educación medioambiental é tratada na Unidade 7, 10 e 12. Os efectos negativos que sofre o medio natural como consecuencia do consumismo e os métodos de produción das empresas reclaman a reflexión e posición amento dos alumnos para lograr o desenvolvemento sostible.

Ao longo da programación farase alusión así mesmo aos seguintes temas para a educación en valores fundamentalmente a través da utilización da prensa escrita e das actividades e lecturas que se proporán en cada unidade:

- Educación para a saúde.
- Educación para os dereitos humanos e a paz.
- Educación para a igualdade entre sexos.
- Educación multicultural.
- Educación para a convivencia.

Debido á profusión ao longo do curso de valores ligados ó diálogo e o consenso para solucionar os problemas nacionais e internacionais, promovendo actitudes pacíficas, pódese dicir que proporciónase unha educación para a paz e a convivencia.

A Economía comparte coas demais ciencias sociais un importante papel na formación cívica do alumnado. Inclúense valores e actitudes de igualdade e solidariedade de forma constante ao longo do curso, e incídese na igualdade entre homes e mulleres. Especialmente desenvólvense actividades que suscitan hábitos de solidariedade, tales como as relacións no mercado nacional e internacional, os sistemas de mercado e a redistribución da renda. Así mesmo, enfócase con estes

criterios a exposición do papel económico do sector público, como asigna dor e re distribuidor da renda, corrixindo algúns dos fallos do mercado.

O coñecemento de diversos problemas económicos, como o paro e o subdesenvolvemento, préstanse tamén á transmisión de valores cívicos. No tratamento destes temas inclúense diversas actividades que poden fomentar hábitos de integración social, participación cívica e educación para o desenvolvemento e para os dereitos humanos. O que permite afirmar que hai tamén unha educación para a igualdade entre os individuos e razas en xeral, e entre os sexos en particular.

Por último, salientar a nivel xeral a intención de espertar o espírito crítico nos alumnos e alumnas ao longo do desenvolvemento da programación, especialmente tomando como referencia o noso sistema económico capitalista, as grandes desigualdades que xera e as limitacións que presenta o funcionamento do mercado como mecanismo coordinador da actividade económica.

***Contribución ao proxecto lector:***. As materias de bacharelato propoñen contribuír ao proxecto lector no seu traballo diario fomentando a utilización de prensa escrita na aula, tanto en soportes tradicionais como informáticos. Materiais a partir dos que se pode comezar a introdución de novos conceptos económicos ou aclarar os que xa se posúen; dar pé á exposición de opinións ou á realización de debates; traballar os contidos vistos na clase; habituar aos alumnos/as á lectura de seccións dos xornais nas que antes non se paraban...

***Contribución ao fomento das TIC***: No bacharelato no traballo de moitos problemas económicos estudados é preciso o emprego de índices ou indicadores. Este nivel de traballo e abstracción precisa do dominio das fontes de información: onde están, como utilizalas, que datos son máis fiables, etc. ás que se lle deberá dar unha atención especial para adquirir a destreza necesaria no seu uso. Así mesmo, no día a día empregaranse as fontes de información dixitais como medio de obtención de información que permita conectar os conceptos traballado na aula co mundo real.

Non se trata só de que o alumnado adquira destrezas no manexo de distintos programas informáticos , senón de que adquiran a capacidade de empregar estes soportes para plasmar as súas ideas e relacionarse co entorno. Empregaranse programas informáticos de busca de información, tratamento de información (procesador de textos, editor de presentacións, folla de cálculo), tratamento dixital de imaxes e vídeo...

***Contribución ao plan de convivencia:*** Valorando a programación da educación en valores, por ser as materias do departamento materias englobadas nas ciencias sociais terá unha especial relevancia achegar ao alumnado a realidade social das decisións tomadas no mundo da empresa. Desde esta perspectiva na materia de obradoiro fomentaranse as relacións persoais, o respecto aos demais e o intercambio de ideas a través do debate e a colaboración mediante o traballo en grupo, fomentando a relación entre as empresas mediante relacións cliente- provedor, elaborando estratexias publicitarias respectuosas coa integridade das persoas, valorando a importancia da incorporación da muller ao mercado laboral...Fomentarase a lectura e análise da información en prensa que aborde estes aspectos.

## 15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A realidade sanitaria que estamos a vivir condiciona este tipo de actividades. Procurarase dar continuidade as dinámicas levadas a cabo na época previa a pandemia tendo en conta que as directrices sanitarias habilitan aos centros educativos a organización de actividades extraescolares.

## 16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

O departamento de Economía estableceu unha serie de pautas para a avaliación e seguimento da súa programación:

A avaliación de programación require de instrumentos que permitan recoller información sobre o grado de posta en práctica da mesma, o motivo polo cal puidera xurdir algunha desviación, consecución de obxectivos, interese e participación do alumnado, melloras que se poidan introducir, etc. para poder modificala de tal xeito que se chegue a optimizar o máximo posible.

Para avaliar a programación:

O departamento de Economía, ao remate de cada avaliación fará un seguimento dos obxectivos marcados analizando en que medida se cumpriron, para iso, analizaranse os diversos aspectos e adaptaranse os mecanismos correctores en caso de non acadar algún obxectivo parcial.

# III. ECONOMIA 1º BACHARELATO

## 1. INTRODUCCIÓN

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a compresión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

No Bacharelato, a materia de Economía afonda e desenvolve os coñecementos adquiridos na Educación Secundaria Obrigatoria, analizando con maior detalle moitos deles, como é o papel do Estado na economía, a dinámica dos mercados, a explicación de problemas económicos básicos como a inflación e o desemprego; para ir introducindo tamén multitude de novos coñecementos, e conformando así unha visión ampla e realista do funcionamento do noso sistema económico.

A Economía do bacharelato serve tamén como introdución á materia de Economía da Empresa que se estuda en 2º de bacharelato. Introdúcense os elementos básicos para facilitar a comprensión das funcións e o funcionamento das empresas.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVLOVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFIS DE COMPETENCIAS

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, define as competencias como as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos e expón as seguintes competencias clave :

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

| CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE CURSO: ECONOMÍA 1º BACHARELATO | CCL | CMCCT | CD | CSC | CAA | CSIEE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1. ECONOMÍA E ESCASEZA** | | | | | | | |
| ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico | | | | | | | |
| ECB1.2.1. Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos. | | | | | | | |
| ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise. | | | | | | | |
| ECB1.2.3. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional | | | | | | | |
| ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas. | | | | | | | |
| ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos. | | | | | | | |
| **BLOQUE 2 ACTIVIDADE PRODUTIVA** | | | | | | | |
| ECB2.1.1. Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia. | | | | | | | |
| ECB2.2.1Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global | | | | | | | |
| ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | | | | | | | |
| ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional. | | | | | | | |
| ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas | | | | | | | |
| ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas | | | | | | | |
| ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados. | | | | | | | |
| ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos. | | | | | | | |
| ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período. | | | | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ECB2.7.1. Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados. | | | | | | | |
| **CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE CURSO: ECONOMÍA 1º BACHARELATO** | **CCL** | **CMCCT** | **CD** | **CSC** | **CAA** | **CSIEE** | **CCEC** |
| **BLOQUE 3. O MERCADO E O SISTEMA DE PREZOS** | | | | | | | |
| ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados. | | | | | | | |
| ECB3.1.2. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda. | | | | | | | |
| ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os | | | | | | | |
| ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas. | | | | | | | |
| ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato. | | | | | | | |
| ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervenientes nos diversos mercados. | | | | | | | |
| **BLOQUE 4. A MACROECONOMÍA** | | | | | | | |
| ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun | | | | | | | |
| ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízaas para establecer comparacións con carácter global. | | | | | | | |
| ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para | | | | | | | |
| ECB4.2.1. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no | | | | | | | |
| ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas. | | | | | | | |
| ECB4.2.3. Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, analízaas e interprétaas, e presenta as súas | | | | | | | |
| ECB4.3.1. Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo. | | | | | | | |
| ECB4.3.2. Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios. | | | | | | | |
| ECB4.3.3. Investiga e recoñece vieiros de ocupación e tendencias | | | | | | | |
| ECB4.4.1. Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación. | | | | | | | |
| **BLOQUE 5. ASPECTOS FINANCEIROS DA ECONOMÍA** | | | | | | | |
| ECB5.1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía. | | | | | | | |

| CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE CURSO: ECONOMÍA 1º BACHARELATO | CCL | CMCCT | CD | CSC | CAA | CSIEE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ECB5.2.1. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais. | | | | | | | |
| ECB5.3.1. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e | | | | | | | |
| ECB5.4.1. Razoa de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e | | | | | | | |
| ECB5.5.1. Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, e razoa sobre o seu papel e o seu | | | | | | | |
| ECB5.5.2. Describe os efectos das variacións dos tipos de xuro | | | | | | | |
| **BLOQUE 6. O CONTEXTO INTERNACIONAL DA** | | | | | | | |
| ECB6.1.1. Identifica e describe os fluxos comerciais | | | | | | | |
| ECB6.2.1. Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexiona para | | | | | | | |
| ECB6.3.1. Expresa as razóns que xustifican o intercambio | | | | | | | |
| ECB6.3.2. Describe as implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa | | | | | | | |
| **BLOQUE 7. DESEQUILIBRIOS ECONÓMICOS E O PAPEL DO ESTADO NA ECONOMÍA** | | | | | | | |
| ECB7.1.1. Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na | | | | | | | |
| ECB7.1.2. Diferencia os conceptos de crecemento e de | | | | | | | |
| ECB7.1.3. Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a | | | | | | | |
| ECB7.1.4. Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e | | | | | | | |
| ECB7.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | | | | | | | |
| ECB7.1.6. Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na | | | | | | | |
| ECB7.1.7. Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallos e residuos, o que supón valorar os custos asociados. | | | | | | | |
| ECB7.1.8. Recoñece a evolución cíclica da actividade económica, describe as fases, as representa graficamente e | | | | | | | |
| ECB7.2.1. Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens | | | | | | | |
| ECB7.2.2. Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os axentes que interveñen na | | | | | | | |

| CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE CURSO: ECONOMÍA 1º BACHARELATO | CCL | CMCCT | CD | CSC | CAA | CSIEE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ECB7.2.3. Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | | | | | | | |

A achega da materia de Economía ao desenvolvemento das competencias chave é moi salientable. No curso 1º da Bacharelato, a través da materia de Economía se desenvolven as competencias, especialmente a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a competencia dixital e as competencias sociais e cívicas, dada a importancia instrumental das devanditas ciencias en relación con contidos propios da materia de Economía.

A través dos distintos estándares de aprendizaxe que se imparten na materia de Economía desenvolveranse tamén as competencias: aprender a aprender, competencia de comunicación lingüística, sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñarase actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos.

- **Competencia en comunicación lingüística**.

Esta competencia afonda nas habilidades de escoita, comprensión e exposición de mensaxes orais e escritos, que na etapa de Bacharelato precisan dun maior nivel de desenvolvemento, e uns recursos máis complexos para manexarse nuns contextos comunicativos máis diversos e de nivel cognitivo superior. Non se limita esta competencia á mellora das habilidades lingüísticas, xa que inclúe o desenvolvemento de tódolos elementos expresivos, en especial de carácter audiovisual.

La materia de Economía utiliza una terminoloxía propia que permitirá ao alumnado incorporar esta linguaxe e os seus termos para utilizalos nos momentos adecuados coa suficiente propiedade. Así mesmo, a comunicación dos resultados das investigacións e outros traballos que se realicen, favorece o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística. As lecturas e debates realizadas permitirán tamén a familiarización e o uso da linguaxe económica.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

Para desenvolvelas, o alumnado aplicará estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc. Valorará a importancia do método científico na área das ciencias sociais.

- **Competencia dixital**.

Desenvolverase fomentando a busca, selección e utilización de información en medios dixitais, ademais de permitir que o alumnado se familiarice cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nos que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, táboas...). A utilización das tecnoloxías da información e comunicación na aprendizaxe da economía para comunicarse, acadar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil que contribúe a mostrar unha visión actualizada da situación económica dun país.

El amplísimo caudal de información que se pode obter de internet, en permanente crecemento, debe ser adquirido, seleccionado axeitadamente e asimilado para transformalo nun coñecemento

axeitado. Tratarase de mellorar a busca selectiva de información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), a súa análise, ordenación e interpretación , para proceder á síntese e á elaboración de pequenos informes, para ser expostos e debatidos na aula.

- **Aprender a aprender**.

Fundamentase no carácter instrumental de moitos dos coñecementos acadados. Ao mesmos tempo que se opera con modelos teóricos tamén se fomenta o maxín, a análise, a observación do entorno, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico; o que favorece a aprendizaxe autónoma. Expóñense os diferentes paradigmas existentes sobre temas económicos clave, como a inflación, o desemprego u a intervención do sector público na economía. O alumnado irá construíndo o seu propio coñecemento e fundamentando as argumentacións a favor ou en contra de cada un deles.

- **Competencias sociais e cívicas**.

Educarase en actitudes e capacidades emprendedores que garanten a comprensión de conceptos económicos básicos que axudan ao desenvolvemento de cualidades persoais como: a elección de recursos, a planificación, a resolución de problemas e a resolución de problemas e revisión de resultados. Todo isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativa propia

- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor**.

Prevalecerá o traballo en grupo para a resolución de actividades fomentando o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto ás opinións dos demais. Os coñecementos económicos son unha parte fundamental da cultura cidadá, cada vez máis sensibilizada con estes temas pola súa presenza nos medios de comunicación e a súa importancia nas economías familiares. Así pois, esta materia permitirá formarse unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre os problemas económicos reais.

- **Conciencia e expresións culturais**.

O alumnado deberá proceder á elaboración de modelos simples que representen a realidade económica na materia de economía . As capacidades desenvolvidas con esta materia facilitarán que os alumnos e alumnas poidan interpretar o mundo tendo unha correcta percepción do espazo físico en que se desenvolve a vida e a actividade económica e cultural . Tamén se elaborarán traballos e presentacións con sentido estético e mostrarase respecto ao patrimonio cultural mundial nas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica…), e ás persoas que contribuíron o seu desenvolvemento.

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar

e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investiga-ción e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribu-ción da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

**Destes obxectivos establecidos con carácter xeral para o Bacharelato polo Decreto 86/2015, do 25 xuño, a materia de Economía contribuirá aos 10 seguintes:**

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
e) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
f) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus

antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

g) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
h) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego
i) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
j) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado

## 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAJE AVALIABLE:

A. Temporalización

| | **UNIDADES DIDÁCTICAS** | | TEMPORALIZACIÓN | |
|---|---|---|---|---|
| | **UD.** | **CONTIDO** | MES | **SESIONS** |
| **BLOQUE 1. ECONOMÍA E ESCASEZA. A ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA** | | | | |
| **1ª AVALACIÓN** | 1 | B1.1. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. | **SEPT/ OUT** | **6** |
| | | B1.2. Mecanismos de asignación de recursos. | | |
| | 2 | B1.3. Análise e comparación dos sistemas económicos. | **OUT** | **2** |
| | 2 | B1.4. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. | **OUT** | **6** |
| | | B1.5. Principios na toma de decisións económicas. | | |
| | 1 | B1.6. Modelos económicos. Economía positiva e normativa. | **OUT** | **2** |
| | 2 | B1.7. Información económica: interpretación de datos e gráficos. | **OUT** | **2** |
| **BLOQUE 2. A ACTIVIDADE PRODUTIVA** | | | | |
| **1º AVALICIÓN** | 2 | B2.1. Proceso produtivo e factores de produción. | **OUT/NOV** | **14** |
| | 3 | B2.2.División técnica do traballo, produtividade e interdependencia. | | |
| | 2 | B2.3. Globalización: cambios no sistema produtivo ou na organización da produción. | | |
| | 3 | B2.4. Empresa: obxectivos e funcións. | | |
| | | B2.5. Eficacia, eficiencia e efectividade. | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | B2.6. Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica. | | |
| | 3 | B2.7. Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos beneficios. | | |
| | | B2.8. Función de produción. | | |
| **BLOQUE 3. O MERCADO E O SISTEMA DE PREZOS** | | | | |
| **1º AVAL** | **4** | B3.1. Curva de demanda. Movementos ao longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da demanda. | **NOV/DIC** | **18** |
| | | B3.2. Curva de oferta. Movementos ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva da oferta. Elasticidade da oferta | | |
| | | B3.3. Equilibrio do mercado. | | |
| **2º AVA** | **5** | B3.4. Estruturas de mercado e modelos de competencia.<br>B3.5. Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística. | **XANEIR** | **6** |
| | | B3.5. Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística. | | |
| **BLOQUE 4. A MACROECONOMÍA** | | | | |
| **2º AVALICIÓN** | **6** | B4.1. Macromagnitudes: produción. Renda. Gasto. | **XAN/FEB** | **10** |
| | | B4.2. Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas | | |
| | | B4.3. Inflación e tipos de xuro. | | |
| | | B4.4. Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación | | |
| | | B4.5. Indicadores do desenvolvemento da sociedade: as macromagnitudes e as súas limitacións. | | |
| | **8** | Mercado de traballo. Desemprego: tipos e causas. | **FEB** | **10** |
| | | B4.7. Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. | | |
| **BLOQUE 5. ASPECTOS FINANCEIROS DA ECONOMÍA** | | | | |
| **2ª Y 3º AVALICIÓN** | **11** | B5.1. O diñeiro na economía: tipoloxía e funcionamento. | **ABRI/ MAIO** | **12** |
| | | B5.2. Proceso de creación do diñeiro. | | |
| | **8** | B5.3. Teorías explicativas da inflación. | | |
| | **12** | B5.4. Sistema financeiro. Novas formas de financiamento. | | |
| | **11** | B5.5. Política monetaria: instrumentos. | | |
| | | B5.6. Banco Central Europeo. | | |
| | | B5.7. Mecanismos da oferta e demanda monetaria: efectos sobre os tipos de xuro | | |
| | **BLOQUE 6. O CONTEXTO INTERNACIONAL DA ECONOMÍA** | | | |
| | **13** | B6.1. Comercio internacional: causas e teorías. | **MAIO** | **10** |
| | | B6.2. Balanza de pagamentos, con especial referencia á española. | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | B6.3. Cooperación e integración económica. | | |
| | 14 | B6.4. Unión Europea (UE). | | |
| | 15 | B6.5. Globalización económica e financeira: causas e consecuencias. | MAI / XUN | 8 |
| | 14 | B6.6. Organismos económicos internacionais: mecanismos de regulación | | |
| **BLOQUE 7. DESEQUILIBRIOS ECONÓMICOS E O PAPEL DO ESTADO NA ECONOMÍA** | | | | |
| **3ª AVALICIÓN** | **9** | B7.1. Ciclos económicos: crises na economía. | **XUN** | **8** |
| | **9** | B7.2. Políticas macroeconómicas de crecemento, estabilidade e desenvolvemento. | | |
| | | B7.3. Ambiente: recurso sensible e escaso. | | |
| | **15** | B7.4. Pobreza e subdesenvolvemento: causas e posibles vías de solución. | | |
| | **10** | B7.5. Política fiscal e orzamentos públicos. | | |
| | **7** | B7.6. O Estado na economía: funcións | | |
| | **7** | B7.7. Os fallos do mercado e a intervención do sector público. | | |
| | **7** | B7.8. Redistribución de renda e riqueza: igualdade de oportunidades | | |

Distribuíronse os contidos en diferentes unidades didácticas. Con todo, poderase alterar a orde dos contidos e seccións de cada unidade se considera necesario ou conveniente. Do mesmo xeito, a temporalización é unha estimación que poderá variar o longo do curso.

B. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado.

Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Os criterios de avaliación distribuíronse nos 7 bloques que conforman o currículo oficial de 1º de Bacharelato da LOMCE, na materia de Economía , a través do seguinte cadro:

| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** |
|---|
| **BLOQUE 1.ECONOMÍA E ESCASEZA.A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDAD ECONÓMICA** |
| B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas. |
| B1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos. |
| B1.3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos. |
| **BLOQUE 2: ACTIVIDADE PRODUTIVA** |
| B.2.1.Analizar as características principais do proceso produtivo. |
| B2.2. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo. |
| B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas. |
| B2.4. Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade. |
| B2.5. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica. |

| |
|---|
| B2.6. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos. |
| B2.7. Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso |
| **BLOQUE 3: O MERCADO O SISTEMA DE PREZOS** |
| B3.1. Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables. |
| B3.2. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados. |
| **BLOQUE 4: A MACROECONOMÍA** |
| B4.1. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con elas e analizar as súas interrelacións, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da |
| B4.2. Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución |
| B4.3. Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación, analizando de xeito especial o desemprego |
| . B4.4. Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao |
| **BLOQUE 5:ASPECTOS FINANCEIROS DA ECONOMÍA** |
| B5.1. Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden. |
| B5.2. Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os/as consumidores/as, as empresas e o conxunto da economía. |
| B5.3. Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados. |
| B5.4. Analizar os tipos de política monetaria. |
| B5.5. Identificar o papel do Banco Central Europeo e a estrutura da súa política monetaria. |
| **BLOQUE 6: O CONTEXTO INTERNACIONAL DA ECONOMÍA** |
| B6.1. Analizar os fluxos comerciais entre dúas economías. |
| B6.2. Examinar os procesos de integración económica e describir os pasos que se produciron no caso da Unión Europea. |
| B6.3. Analizar e valorar as causas e as consecuencias da globalización económica, así como o papel dos organismos económicos internacionais na súa regulación. |
| **BLOQUE 7: DESEQUILIBRIOS ECONÓMICOS E O PAPEL DO ESTADO NA ECONOMÍA** |
| B7.1. Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas, o ambiente e a distribución da riqueza a nivel local e mundial. |
| B7.2. Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e as funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado, e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu papel na actividade económica. |

Os estándares de aprendizaxe avaliables son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina.

Os estándares de aprendizaxe básicos desta materia son os que figuran na táboa cun grao mínimo de consecución do 100%, tendo carácter de imprescindíbeis para a adquisición do nivel competencial que a materia ten atribuído. Devanditos estándares serán avaliados seguindo os

procedementos correspondentes aos mesmos, sinalados na táboa, cos respectivos instrumentos de avaliación.

Os restantes estándares de aprendizaxe atribuíselles un grao de consecución do 50%, como os anteriores serán avaliados cos procedementos e instrumentos correspondentes, o procedemento utilizado nestes estándares fundamental é a produción do alumno.

A. RELACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E Grao mínimo de consecución para superar a materia.

| COMPE-TENCIAS CLAVE | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE | GRADO MÍNIMO | PROBA ESCRIT | PRODUC. ALUMNO |
|---|---|---|---|---|---|
| CAA<br>CMCCT | B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas. | ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSC<br>CMCCT<br>CD | B1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos. | ECB1.2.1. Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSC<br>CD<br>CAA | | ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CD<br>CSC | | ECB1.2.3. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CMCCT | B1.3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos. | ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CCL<br>CMCCT<br>CD | | ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos. | **50%** | **80%** | **20%** |
| **BLOQUE 2. A ACTIVIDADE PRODUTIVA** | | | | | |
| CAA<br>CCL<br>CSC | B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo. | ECB2.1.1. Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia. | **50%** | **80%** | **20%** |

| COMPE-TENCIAS CLAVE | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE | GRADO MÍNIMO | PROBA ESCRIT | PRODUC. ALUMNO |
|---|---|---|---|---|---|
| CSC<br>CMCCT | B2.2. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo. | ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CMCCT<br>CCL | | ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSIEE<br>CCL | B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas. | ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSIEE<br>CAA | B2.4. Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade. | ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CD<br>CCL | | ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CD<br>CMCCT | B2.5. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica. | ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CMCCT<br>CD | B2.6. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos. | ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CMCCT<br>CD | | ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CMCCT<br>CD | B2.7. Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso dado. | ECB2.7.1. Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados. | **50%** | **80%** | **20%** |
| **BLOQUE 3. O MERCADO E O SISTEMA DE PREZOS** | | | | | |
| CMCCT<br>CD | B3.1. Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables. | ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados. | **50%** | **80%** | **20%** |

| COMPE-TENCIAS CLAVE | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE | GRADO MÍNIMO | PROBA ESCRIT | PRODUC. ALUMNO |
|---|---|---|---|---|---|
| CMCCT<br>CCL | | ECB3.1.2. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CMCCT<br>CD | | ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CMCCT<br>CCL | B3.2. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados. | ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CSC | | ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSC | | ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervenientes nos diversos mercados. | **50%** | **80%** | **20%** |
| **BLOQUE 4. A MACROECONOMÍA** | | | | | |
| CMCCT<br>CD<br>CSC<br>CCL | B4.1. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con elas e analizar as súas interrelacións, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade de vida. | ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CSC | | ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízaas para establecer comparacións con carácter global. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSC | | ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CMCCT<br>CD | B4.2. Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución. | ECB4.2.1. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CD | | ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas. | **50%** | **80%** | **20%** |

| COMPE-TENCIAS CLAVE | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE | GRADO MÍNIMO | PROBA ESCRIT | PRODUC. ALUMNO |
|---|---|---|---|---|---|
| CD<br>CMCCT | | ECB4.2.3. Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, analízaas e interprétaas, e presenta as súas valoracións de carácter persoal. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CMCCT<br>CD | B4.3. Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación, analizando de xeito especial o desemprego. | ECB4.3.1. Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSC<br>CAA | | ECB4.3.2. Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CD | | ECB4.3.3. Investiga e recoñece vieiros de ocupación e tendencias de emprego. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CD<br>CSIEE | B4.4. Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao desemprego. | ECB4.4.1. Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación. | **50%** | **80%** | **20%** |
| **BLOQUE 5. ASPECTOS FINANCEIROS DA ECONOMÍA** | | | | | |
| CSC<br>CMCCT<br>CD<br>CCL | B5.1. Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden. | ECB5.1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSC<br>CD | B5.2. Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os/as consumidores/as, as empresas e o conxunto da economía. | ECB5.2.1. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CSC<br>CD | B5.3. Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados. | ECB5.3.1. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CMCCT<br>CSC | B5.4. Analizar os tipos de política monetaria. | ECB5.4.1. Razoa de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social. | **50%** | **80%** | **20%** |

| COMPE-TENCIAS CLAVE | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE | GRADO MÍNIMO | PROBA ESCRIT | PRODUC. ALUMNO |
|---|---|---|---|---|---|
| CSC<br>CMCCT<br>CD | B5.5. Identificar o papel do Banco Central Europeo e a estrutura da súa política monetaria. | ECB5.5.1. Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, e razoa sobre o seu papel e o seu funcionamento. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CMCCT<br>CCL | | ECB5.5.2. Describe os efectos das variacións dos tipos de xuro na economía. | **50%** | **80%** | **20%** |
| **BLOQUE 6. O CONTEXTO INTERNACIONAL DA ECONOMÍA** | | | | | |
| CSC<br>CCL<br>CMCCT | B6.1. Analizar os fluxos comerciais entre dúas economías. | ECB6.1.1. Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSC<br>CCL | B6.2. Examinar os procesos de integración económica e describir os pasos que se produciron no caso da Unión Europea. | ECB6.2.1. Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexiona para valorar as repercusións e as implicacións para España nun contexto global. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSC<br>CCL | B6.3. Analizar e valorar as causas e as consecuencias da globalización económica, así como o papel dos organismos económicos internacionais na súa regulación. | ECB6.3.1. Expresa as razóns que xustifican o intercambio económico entre países. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CD<br>CMCCT<br>CSC | | ECB6.3.2. Describe as implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación. | **50%** | **80%** | **20%** |
| Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía | Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía | | **50%** | **80%** | **20%** |
| **COMPE-TENCIAS CLAVE** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE** | **GRADO MÍNIMO** | **PROBA ESCRIT** | **PRODUC. ALUMNO** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| CSC<br>CMCCT<br>CD | B7.1. Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas, o ambiente e a distribución da riqueza a nivel local e mundial. | ECB7.1.1. Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na redistribución da renda. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CCL<br>CMCCT | | ECB7.1.2. Diferencia os conceptos de crecemento e de desenvolvemento. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSC<br>CCL | | ECB7.1.3. Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a calidade de vida. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CSC<br>CD | | ECB7.1.4. Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSC<br>CMCCT | | ECB7.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSC<br>CAA | | ECB7.1.6. Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSC<br>CMCCT | | ECB7.1.7. Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallos e residuos, o que supón valorar os custos asociados. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CMCCT<br>CSC | | ECB7.1.8. Recoñece a evolución cíclica da actividade económica, describe as fases, as representa graficamente e considera as súas consecuencias sociais. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CCL<br>CMCCT | B7.2. Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e as funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado, e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu papel na actividade económica. | ECB7.2.1. Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CSC<br>CMCCT<br>CD | | ECB7.2.2. Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os axentes que interveñen na economía, e as opcións de actuación por parte do Estado. | **50%** | **80%** | **20%** |
| CAA<br>CMCCT<br>CD | | ECB7.2.3. Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | **50%** | **80%** | **20%** |

D. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para a avaliación dos estándares de aprendizaxe compre a utilización de procedementos e instrumentos de avaliación diversos. A táboa anterior recolle os mesmos para a convocatoria ordinaria ou avaliación continua.

Nos *procedementos de avaliación* recollemos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo.

*Os* instrumentos de avaliación constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes. No curso 1º de bacharelato utilizaranse os seguintes:

| PROCEDIMIENTOS | INSTRUMENTOS |
|---|---|
| • **Análise de produción dos alumnos (PA)** | • Resolucións de exercicios e prácticas realizadas na clase, fora da clase recollidas na libreta.<br>• Realización de traballos individuais e colectivos**.** |
| • **Proba escrita** | Diferentes probas escritas, normalmente por Bloque ou UD |

- **Análise da produción dos alumnos**:

  - Realización e corrección dos exercicios, os exercicios feitos na clase e na casa, tarefas, e as técnicas de traballo desenvolvidas.
  - Presentación escrita de tarefas específicas: traballos individuais (búsqueda noticias en diarios, evolución de variables económicas, investigacións, etc.)

- **Probas escritas**

Realización unha ou máis probas por avaliación, valorada cada unha sobre 10. Cada unha delas poderá comprender:

- Preguntas tipo test de resposta múltiple.
- Unha parte práctica (problemas e/ou representacións gráficas) con carácter analítico.
- Finalmente, unha serie de cuestións de tipo teórico, a desenvolver de forma razoada polo alumno.

En cada proba específica indicarase ao alumnado a valoración correspondente a cada pregunta.

O profesor/a terá a disposición dos alumnos os criterios de corrección correspondentes a cada instrumento de avaliación.

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIERE A MATERIA

Sendo conscientes de que os alumnos que forman o grupo de clase, xeralmente, ten diferentes motivacións, capacidades, ambiente social, etc., unido ao feito de que como docentes temos como meta a formación integral do alumno, formándoo en todas as súas capacidades, non soamente as cognitivas supón para o profesor/profesora a necesidade de

atender esas diferenzas, por iso utilizaranse ao longo do curso diversos modelos metodolóxicos:

Modelo expositivo: presentando o tema estruturado loxicamente para transmitir os coñecementos ao alumno e permitir que o alumno comprenda e sistematice os coñecementos especificativos da unidade didáctica.

Colaborativo: fomentando a participación dos alumnos durante a presentación do tema, na maior medida posible. Esta metodoloxía queda condicionada á evolución sanitaria.

Análise de casos ou exercicios prácticos co obxectivo de fixar os conceptos e interpretar noticias económicas ( uso fundamental de periódicos, Internet, aula virtual) Os alumnos realizarán exercicios na aula e tamén na casa.

Traballo por tarefas, por proxectos. O profesor/profesora poderá propoñer ao longo das distintas avaliacións diversos traballos que versarán sobre os distintos contidos da materia. Os traballos, xa sexan individuais ou en grupo, poderán expoñerse polo alumnado na aula. Promoveranse actividades próximas aos intereses dos alumnos e a realidade económica actual.

Estas metodoloxías favorecerán o traballo individual unhas veces e outras o traballo en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, así como o uso de técnicas e hábitos de investigación.

Sendo fundamental para os alumnos o uso das tecnoloxías da información e comunicación as cales preténdense potenciar dada a situación sanitaria.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

Durante o proceso de ensino e aprendizaxe da materia o profesor apoiarase basicamente no libro" Economia " de Anxo Penalonga, editorial Mac Graw Hillen , e ademais no seguinte material didáctico:

- Dicionario económico.
- Recortes de prensa relacionados con distintos conceptos económicos que servirán como actividade para o alumno; reflexionando e fixando os conceptos previamente explicados, debendo facer os alumnos comentarios sobre os mesmos, co cal será moi importante a participación do alumnado no desenvolvemento da clase.
- A taboleiro dixital, axudará nas explicacións do profesor.
- A aula de informática: busca de distintas fontes de información, portais educativo. Suxeito a dispoñibilidade e viabilidade sanitaria.
- Folla de cálculo
- Vídeos didácticos dispoñibles en plataformas educativas ás que ten acceso o centro.
- Utilización da Aula Virtual, o profesor poderá colgar exercicios, vídeos, preguntas etc, sobre os diferentes contidos
- Páxinas web como por exemplo:

Banco de España:

www.bde.es

Entidades bancarias:

www.bbva.es

www.bsch.es

www.caixagalicia.es

www.caixanova.es

www.cajamadrid.es

www.cnmv.es

Información financeira e bursátil:

www.inversis.com

www.invertia.com

www.infobolsa.es

www.bolsamania.com

www.expansiondirecto.com

Portais Laborais:
www.canaltrabajo.com

Entidades de Valores e Bolsa:

www.ibersecurities.es

www.santanderbroker.com

Bolsa de Madrid:

www.bolsamadrid.es

Seguridade Social

www.seg-social.es

Instituto

Sindicatos:

www.ccoo.es

www.ugt.es

www.ciga.es

Patronais:

www.cepyme.es

www.ceoe.es

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO CON PRESENCIALIDADE

**Convocatoria ordinaria**

A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso. Para aprobar a materia necesítase obter avaliación positiva (cinco ou superior sobre 10) en cada unha das tres partes.

**A nota final da convocatoria ordinaria será resultado da media aritmética das tres avaliacións do curso, sendo requisito aprobalas todas.**

A nota de cada avaliación ordinaria estará formada, nun 80% pola cualificación mediante as probas escritas e nun 20% pola produción e o traballo do alumnado.

**A nota de cada avaliación ordinaria en Economía** obterase como resultado de:

- **Probas escritas (80%)**

As probas escritas, con carácter xeral, sobre un bloque completo de contidos do currículo. Para obter unha cualificación positiva en cada avaliación, cómpre superar a proba escrita; **sen posibilidade** de compensación se a **cualificación é inferior a 4.**

- **Produción (20%)**

**A entrega de tarefas é condición necesaria para obter cualificación positiva en cada avaliación, pero non suficiente.**

Incluiranse notas do traballo na clase, realización dos exercicios para facer na clase, na casa, traballos individuais ou colaborativos.

Na corrección das probas escritas e traballos, terase en conta ademais dos contidos requiridos, as evidencias na adquisición de competencias. A tal efecto, poderase penalizar cada falta ortográfica de expresión, incoherencias ou falta de cohesión con ata 0,10 puntos.

Os traballos propostos durante o curso terán que ser entregados nas datas sinaladas. Os que sexan entregados máis tarde non serán recollidos, polo que serán cualificados cun cero.

Non se permitirán medios fraudulentos (chuletas, teléfono móbil, auriculares e en calquera outro tipo de soporte) nos exames, exercicios, traballos e probas. No caso de coñecer tales feitos as evidencias de aprendizaxe non serán avaliadas e a actuarase conforme ao disposto nas NOF.

**Recuperacións e nota final**

**Ofrirase a posibilidade de recuperar a avaliación suspensa o inicio da seguinte e ofrirase tamén unha segunda oportunidade de recuperación ao final do curso**. Alternativamente e sempre a criterio do profesor, o alumnado que suspenda unha avaliación por non acadar o GMC só nalgún estándar de aprendizaxe ou en varios relacionados, poderá voluntariamente realizar un traballo de investigación de carácter expositivo por medios físicos ou dixitais como alternativa á proba escrita. Tanto a proba escrita como a alternativa do traballo expositivo conservarán o peso do 80% e precisan igualmente acadar un mínimo de 4 sobre 10.

Ao finalizar o curso, **no mes de xuño**, farase unha proba final da materia para os alumnos que no acadaron o GMC en tódolos estándares asociados ós contidos traballados. A esta proba deberán presentarse os alumnos que teñan que recuperar algunha das avaliacións. No referente

a recuperación, a cualificación final do alumnado terá en conta o 20% da produción durante o curso sempre que isto favoreza ó alumnado. En caso contrario o peso da proba escrita será dun 100%.

Co obxectivo da preparación das probas de recuperación, o profesor proverá ao alumnado das correspondentes actividades de seguimento, reforzo e apoio.

Por último e con carácter xeral, valorarase a actitude hacia a materia mostrada polo alumnado durante o desenvolvemento das aulas; a súa motivación, cooperación, esforzo mostrado na resolución das actividades propostas e o seu grao de participación. Esta actitude positiva reflítese no 20% da produción. Neste sentido, para o alumnado que obteña al menos un 5 sobre 10 durante a avaliación isto poderá supoñer un redondeo de ata 0,5 puntos na cualificación da avaliación ordinaria.

O alumnado que **non supere a materia na convocatoria ordinaria**, poderá acceder a unha proba escrita na **convocatoria extraordinaria de setembro**, que versará sobre os contidos tratados ao longo do curso e cun peso na cualificación do 100%. A materia quedará superada ou aprobada se o alumno obtén unha cualificación igual o superior a 5 sobre 10.

## 8. criterios sobre DOCENCIA, avaliación, cualificación e promoción do alumnado con docencia semipresencial.

Se a situación sanitaria obrigase a levar a cabo unha docencia semipresencial, entendendo como tal a presencia rotatoria do alumnado, priorizarase o traballo práctico de carácter analítico (resolución de problemas, interpretación de gráficos, análisis de situaciones, etc.) e o traballo teórico traballaríase de manera virtual a través de ferramentas como a Aula Virtual do centro.

Neste contexto considérase viable a realización das probas escritas polo que é de aplicación os criterios de avaliación, cualificación e promoción do apartado 7 anterior. Pese á modificación dos instrumentos de avaliación, mantéñense os mínimos a superación da materia ó final do curso e por avaliación.

## 9. CRITERIOS SOBRE DOCENCIA, AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO con DOCENCIA TELEMÁTICA.

Se a situación sanitaria obrigase a levar a cabo unha docencia 100% telemática, as ferramentas TIC como a Aula Virtual do centro funcionarán como apoios metodolóxicos para a docencia. Buscarase garantir o acceso ó alumnado ós contidos mediante materiais de traballo periódico obxeto de avaliación.

A avaliación do alumnado dependerá exclusivamente da produción cuxo peso específico será do 100%. O peso específico das diferentes tarefas, así como a data máxima de entrega reflectiranse en cada unha delas.

A impartición de sesións virtuais queda condicionada a dispoñibilidade de medios telemáticos, así como a súa viabilidade, dependente de aspectos como a calidade da conexión ou a Ley de Protección de Datos para o conxunto da comunidade educativa, principalmente o alumnado. Neste último sentido, a única ferramenta que este departamento contempla é a autorizada actualmente pola Consellería, Webex.

Pese a modificación dos instrumentos de avaliación, mantéñense os mínimos a acadar para a superación da materia ó final do curso e por avaliación.

## 10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Como establece o decreto 86/2015, do 25 de xuño do currículo de Galicia nos artigos 21.3 (ESO) e 33.4 (BAC) o profesorado avaliará súa propia práctica docente, establecendo **indicadores de logro** nas programacións didácticas. O Departamento de Economía estableceu os seguintes indicadores de logro.

A valoración de cada unha das cuestións suscitadas realízase nunha escala de 1 a 4, marcando con X a casilla correspondente, tendo en conta que:

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **II. SOBRE ASPECTOS XERAIS** | | | | | |
| **VALORA A INFLUENCIA QUE HAN TER NA TÚA PRÁCTICA DOCENTE OS SEGUINTES ASPECTOS** | | | | | |
| | **VALORACIÓN** | **1** | **2** | **3** | **4** |
| 1. | O número de alumnos dos grupos aos que deches clase | | | | |
| 2. | A heteroxeneidade do alumnado | | | | |
| 3. | O interese do alumnado pola materia | | | | |
| 4. | A cantidade de actividades extraescolares feitas polos grupos aos que se lles deu clase | | | | |
| 5. | O comportamento dos grupos aos que se lle deu clase | | | | |
| 6. | O plan de Atención á Diversidade do Centro | | | | |
| 7. | A hora de desenvolver as clases, tiven en conta as características dos alumnos | | | | |
| 8. | No desenvolvemento das clases, impliquei aos alumnos | | | | |
| 9. | Levei a termo a programación prefixada | | | | |
| 10. | Informei a cada grupo de alumnos dos elementos esenciais da programación da materia | | | | |
| 11. | Perdín tempo nas clases por falta de previsión ou planificación por miña parte | | | | |
| **II. SOBRE RELACIÓNS PROFESOR-ALUMNOS** | | | | | |
| 12. | Fun respectuosa e dialógante con todos e cada un de meus alumnos | | | | |
| 13. | Tiven en conta os seus intereses e as súas necesidades | | | | |
| 14. | Promovín entre eles boas relacións de traballo | | | | |
| 15. | Propiciei o traballo en grupo na clase | | | | |
| 16. | Preocupeime de “formar” e non só de “informar” | | | | |
| 17. | Preocupeime por seu crecemento intelectual, humano, afectivo i ético | | | | |
| 18. | Fomentei entre meus alumnos a capacidade de análises e sínteses | | | | |
| 19. | Promovín entre os meus alumnos a participación e colaboración | | | | |
| 20. | Promovín entre os meus alumnos a crítica construtiva e reflexiva | | | | |
| 21. | Fomentei entre os meus alumnos o razoamento lóxico | | | | |
| 22. | Fomentei entre os meus alumnos a comunicación oral e escrita | | | | |
| 23. | Promovín entre os meus alumnos a educación en valores | | | | |
| **INTENTÉI ENTRE OS MEUS ALUMNOS PROMOVER:** | | | | | |
| 24. | Actitude de autenticidade, honradez | | | | |
| 25. | Actitude de participación | | | | |
| 26. | Disciplina, responsabilidade | | | | |
| 27. | Sinceridade | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 28. | Tolerancia, respeto había os demais e á natureza, solidariedade | | | | |
| 29. | Capacidade crítica | | | | |
| 30. | Compañeirismo | | | | |
| 31. | Traballo en equipo | | | | |
| 32. | Gusto polo traballo ben feito | | | | |
| **III. SOBRE ASPECTOS FORMATIVOS** | | | | | |
| 33. | Estou o corrente dos últimos avances científicos en relación coas materias que imparto | | | | |
| 34. | Levo a cabo con asiduidade actividades de formación | | | | |
| 35. | Preocupeime por coñecer a realidade nacional e internacional que poida repercutir nas miñas materias | | | | |
| 36. | Preocupeime por la innovación educativa | | | | |
| **IV. SOBRE ASPECTOS METODOLÓXICOS** | | | | | |
| 38. | Preparei as clases con tempo suficiente | | | | |
| 39. | Utilicei a metolóxia posta na programación | | | | |
| 40. | Facilitei os meus alumnos que “ aprendan a aprender” | | | | |
| 41. | Utilicei diferentes metodoloxías, según a materia, o momento e as necesidades de todos os meus alumnos” | | | | |
| 42. | Axudei ós meus alumnos a facer resumes i esquemas dos temas da materia | | | | |
| 43 | Introducín cambios metodolóxicos en función dos resultados obtidos polos alumnos | | | | |
| | **VALORACIÓN** | 1 | 2 | 3 | 4 |
| **V. SOBRE A UTILIZACIÓN DE MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS** | | | | | |
| 44. | Aportei as clases materias complementarios e actualizados | | | | |
| 45. | Utilicei materiais variados na clase: artigos de prensa, revistas, cómics, vídeos, etc. | | | | |
| 46. | Utilicei habitualmente as tecnoloxías da información e da comunicación( TIC) nas miñas clases | | | | |
| **VI. SOBRE MIÑA ACTIVIDADE AVALIADORA** | | | | | |
| 49. | Realicei a avaliación da acordo a ditos criterios. | | | | |
| 50. | Para poñer a cualificación tiven en conta os criterios de cualificación fixados na programación | | | | |
| 51. | Os procedementos e instrumentos de avaliación que utilicei foron axeitados ao alumnado a quen van dirixidos. | | | | |
| 52. | Informei a meus alumnos dos resultados da avaliación | | | | |
| 53. | Estou ó corrente das derradeiras normativas sobre avaliación | | | | |
| 54. | Eu auto avalíome con frecuencia aínda que non me lo exixan | | | | |
| 55. | Procurei que as sesións de avaliación non foran “un canto de notas” | | | | |

## 11. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Non é de aplicación xa que o conxunto do alumnado que non superou a materia de Economía de 1º bacharelato no curso 2020/2021 repite curso polo que cursará a materia atendendo ás directrices do presente documento. Non obstante, de xeito particular, este alumnado recibirá un especial seguimento na procura da superación da materia. Neste sentido, intentarase darlles un papel máis activo durante as sesións asumindo o papel de guía entre iguais.

## 12. AVALIACIÓN INICIAL DO ALUMNADO

O inicio do curso farase unha avaliación non computable dos coñecementos previos da materia así como os seus intereses co fin de adaptar a práctica docente á realidade dos grupos.

## 13. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Sendo conscientes de que ó alumnado que forman o grupo clase son distintos nas súas motivacións, capacidades, ambiente social, etc., unido ao feito de que como docentes temos como meta a formación integral do alumnado, contémplanse as seguintes medidas de carácter ordinario:

- Emprego de metodoloxías didácticas diversas, como recurso que se pode introducir nas formas de enfocar ou traballar determinados contidos ou actividades como consecuencia dos distintos graos de coñecementos e tipos de intelixencias detectadas no alumnado.

- Proposta de actividades diferenciadas e variadas, que se adaptarán ás motivacións, intereses e necesidades que presenten os alumnos. Para o alumnado con dificultades para acadar os estándares de aprendizaxe se traballará de xeito individual e ofrirase actividades de reforzo específicamente diseñadas.

- Materiais didácticos diversos. O emprego recursos didácticos variados permitirá unha mellor adaptación aos diferentes tipos de capacidades, intereses e motivacións dos alumnos, utilizando en cada caso aqueles que resposten mellor ás necesidades individuais.

- Agrupamentos flexibles e ritmos distintos, condicionado á variable sanitaria. Na medida en que se promova o traballo en equipo, farase máis doado a interacción entre os alumnos. Ademais, ao subdividir o grupo de alumnos en grupos homoxéneos, resultará máis sinxelo axeitar a axuda pedagóxica ás súas necesidades específicas.

## 14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

***Educación ao consumidor:*** Nas dúas primeiras unidades analízase unha visión do consumo como relación necesaria para a satisfacción das necesidades humanas e aos consumidores como axentes económicos fundamentais. Na unidade 4, sobre o mercado, analízase o consumo desde un punto de vista técnico e individual. Na unidade 8 como variable macroeconómica que influirá na economía nacional e na unidade 12 analízanse os problemas do consumo en relación coa pobreza.

***Os problemas dos países en vías de desenvolvemento:*** Trátase de xeito especial na unidade 12, relacionándoos cos factores que fan posibles as desigualdades.

***Educación para a igualdade de oportunidades:*** O estudo do mercado de factores na unidade 6 trata o tema das desigualdades desde un punto de vista laboral.

***Formación e orientación laboral:*** Todo o estudo da economía mete ao alumnado no mundo da empresa. Serve para que coñezan o mundo da produción, as empresas, os mercados e os elementos mais básicos dun sistema económico ao que se incorporarán como traballadores.

***Educación ambiental:*** A educación medioambiental é tratada na Unidade 7, 10 e 12. Os efectos negativos que sofre o medio natural como consecuencia do consumismo e os métodos de produción das empresas reclaman a reflexión e posición amento dos alumnos para lograr o desenvolvemento sostible.

Ao longo da programación farase alusión así mesmo aos seguintes temas para a educación en valores fundamentalmente a través da utilización da prensa escrita e das actividades e lecturas que se proporán en cada unidade:

- Educación para a saúde.
- Educación para os dereitos humanos e a paz.
- Educación para a igualdade entre sexos.
- Educación multicultural.
- Educación para a convivencia.

Debido á profusión ao longo do curso de valores ligados ó diálogo e o consenso para solucionar os problemas nacionais e internacionais, promovendo actitudes pacíficas, pódese dicir que proporciónase unha educación para a paz e a convivencia.

A Economía comparte coas demais ciencias sociais un importante papel na formación cívica do alumnado. Inclúense valores e actitudes de igualdade e solidariedade de forma constante ao longo do curso, e incídese na igualdade entre homes e mulleres. Especialmente desenvólvense actividades que suscitan hábitos de solidariedade, tales como as relacións no mercado nacional e internacional, os sistemas de mercado e a redistribución da renda. Así mesmo, enfócase con estes criterios a exposición do papel económico do sector público, como asignador e redistribuídor da renda, corrixindo algúns dos fallos do mercado.

O coñecemento de diversos problemas económicos, como o paro e o subdesenvolvemento, préstanse tamén á transmisión de valores cívicos. No tratamento destes temas inclúense diversas actividades que poden fomentar hábitos de integración social, participación cívica e educación para o desenvolvemento e para os dereitos humanos. O que permite afirmar que hai tamén unha educación para a igualdade entre os individuos e razas en xeral, e entre os sexos en particular.

Por último, salientar a nivel xeral a intención de espertar o espírito crítico nos alumnos e alumnas ao longo do desenvolvemento da programación, especialmente tomando como referencia o noso sistema económico capitalista, as grandes desigualdades que xera e as limitacións que presenta o funcionamento do mercado como mecanismo coordinador da actividade económica.

***Contribución ao proxecto lector:***._ As materias de bacharelato propoñen contribuír ao proxecto lector no seu traballo diario fomentando a utilización de prensa escrita na aula, tanto en soportes tradicionais como informáticos. Materiais a partir dos que se pode comezar a introdución de novos conceptos económicos ou aclarar os que xa se posúen; dar pé á exposición de opinións ou á realización de debates; traballar os contidos vistos na clase; habituar aos alumnos/as á lectura de seccións dos xornais nas que antes non se paraban...

***Contribución ao fomento das TIC***: No bacharelato no traballo de moitos problemas económicos estudados é preciso o emprego de índices ou indicadores. Este nivel de traballo e abstracción precisa do dominio das fontes de información: onde están, como utilizalas, que datos son máis fiables, etc. ás que se lle deberá dar unha atención especial para adquirir a destreza necesaria no seu uso. Así mesmo, no día a día empregaranse as fontes de información dixitais como medio de obtención de información que permita conectar os conceptos traballado na aula co mundo real.

Non se trata só de que o alumnado adquira destrezas no manexo de distintos programas informáticos , senón de que adquiran a capacidade de empregar estes soportes para plasmar as súas ideas e relacionarse co entorno. Empregaranse programas informáticos de busca de información, tratamento de información (procesador de textos, editor de presentacións, folla de cálculo), tratamento dixital de imaxes e vídeo.

***Contribución ao plan de convivencia:*** Valorando a programación da educación en valores, por ser as materias do departamento materias englobadas nas ciencias sociais terá unha especial relevancia achegar ao alumnado a realidade social das decisións tomadas no mundo da

empresa. Desde esta perspectiva na materia de obradoiro fomentaranse as relacións persoais, o respecto aos demais e o intercambio de ideas a través do debate e a colaboración mediante o traballo en grupo, fomentando a relación entre as empresas mediante relacións cliente-provedor, elaborando estratexias publicitarias respectuosas coa integridade das persoas, valorando a importancia da incorporación da muller ao mercado laboral...Fomentarase a lectura e análise da información en prensa que aborde estes aspectos.

## 15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A realidade sanitaria que estamos a vivir condiciona este tipo de actividades. Procurarase dar continuidade as dinámicas levadas a cabo na época previa a pandemia tendo en conta que as directrices sanitarias habilitan aos centros educativos a organización de actividades extraescolares.

## 16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

O departamento de Economía estableceu unha serie de pautas para a avaliación e seguimento da súa programación:

A avaliación de programación require de instrumentos que permitan recoller información sobre o grado de posta en práctica da mesma, o motivo polo cal pudiera surdir algunha desviación, consecución de obxectivos, interese e participación do alumnado, melloras que se poidan introducir, etc. para poder modificala de tal xeito que se chegue a optimizar o máximo posible.

Para avaliar a programación o departamento de Economía, o remate de cada avaliación fará un seguimento dos obxectivos marcados analizando en que medida se cumpriron, para iso, analizaranse os diversos aspectos e adaptaranse os mecanismos correctores en caso de non acadar algún obxectivo parcial.

# IV. ECONOMÍA DE LA EMPRESA 2º bacharelato

# 1. INTRODUCcIÓN

Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa.

A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención dos/das economistas. É na economía contemporánea onde acha a súa plenitude, xa que a división do traballo, a especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da empresa. Nesta materia traballaranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización e de funcionamento, e os factores que inflúen na toma de decisións.

A empresa ten un significado social (crea emprego), canaliza a renda e, conseguintemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e a acción do/da empresario/a deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis alá da procura duns resultados.

A materia ha permitir o fomento dunha cultura e dun xeito de pensar empresarial, onde se exerciten e medren a creatividade e o espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe. Tamén ha contribuír ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

# 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVLOVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFIS DE COMPETENCIAS

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, define as competencias como as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos e expón as seguintes competencias clave :

a) Comunicación lingüística (CCL).
b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
c) Competencia dixital (CD).
d) Aprender a aprender (CAA).
e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

| **CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE**<br>**CURSO:**<br>**ECONOMÍA DA EMPRESA**<br>**2º BACHARELATO** | **CCL** | **CMCCT** | **CD** | **CSC** | **CAA** | **CSIEE** | **CCEC** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1. A EMPRESA** | | | | | | | |
| EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. | | | | | | | |
| EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento | | | | | | | |
| EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, | | | | | | | |
| EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. | | | | | | | |
| EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo. | | | | | | | |
| EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. | | | | | | | |
| EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. | | | | | | | |
| **BLOQUE 2. DESENVOLVEMENTO DA EMPRESA** | | | | | | | |
| EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións. | | | | | | | |
| EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa. | | | | | | | |
| EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. | | | | | | | |
| EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos. | | | | | | | |
| EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. | | | | | | | |
| EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental. | | | | | | | |
| EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global. | | | | | | | |
| **BLOQUE 3. ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DA EMPRESA** | | | | | | | |
| EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. | | | | | | | |
| EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. | | | | | | | |
| EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións | | | | | | | |
| EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. | | | | | | | |
| EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. | | | | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. | | | | | | | |
| **CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE CURSO: ECONOMÍA DA EMPRESA 2º BACHARELATO** | **CCL** | **CMCCT** | **CD** | **CSC** | **CAA** | **CSIEE** | **CCEC** |
| **BLOQUE 4. A FUNCIÓN PRODUTIVA** | | | | | | | |
| EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. | | | | | | | |
| EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. | | | | | | | |
| EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. | | | | | | | |
| EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | | | | | | | |
| EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. | | | | | | | |
| EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. | | | | | | | |
| EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións. | | | | | | | |
| EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. | | | | | | | |
| EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. | | | | | | | |
| EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. | | | | | | | |
| **BLOQUE 5. A FUNCIÓN COMERCIAL DA EMPRESA** | | | | | | | |
| EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. | | | | | | | |
| EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. | | | | | | | |
| EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. | | | | | | | |
| EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. | | | | | | | |
| EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. | | | | | | | |
| EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. | | | | | | | |
| EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa. | | | | | | | |
| EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa. | | | | | | | |
| **BLOQUE 6. A INFORMACIÓN NA EMPRESA** | | | | | | | |
| EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. | | | | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. | | X | | | | | |
| EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. | | | | | X | | |
| EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apalancamento da empresa, mediante a utilización de rateos. | | X | | | | | |
| EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros. | | | | X | X | | |
| EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. | | X | X | | | | |
| **CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE CURSO: ECONOMÍA DA EMPRESA 2º BACHARELATO** | **CCL** | **CMCCT** | **CD** | **CSC** | **CAA** | **CSIEE** | **CCEC** |
| EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. | | X | X | | | | |
| EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. | | X | | | | X | |
| EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións. | | | | | X | X | |
| EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. | | X | X | | | | |
| EEB61.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa. | | X | X | | | X | |
| EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan. | | X | | | | X | |
| EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles. | X | X | | | | | |
| EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas. | | | | X | | | |
| **BLOQUE 7. A FUNCIÓN FINANCEIRA** | | | | | | | |
| EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos. | | X | X | | | X | |
| EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa. | | X | X | | | | |
| EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa. | X | X | | | | | |
| EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. | | X | X | | X | | |
| EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro. | | X | | | X | X | |
| EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa. | | X | | | | X | |
| EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira. | | X | | | X | | |
| EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos. | | X | X | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases. | | | | | | | |
| EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases. | | | | | | | |

A materia de Economía da Empresa xoga un papel relevante para que os alumnos alcancen os obxectivos da etapa e adquiran as distintas competencias crave, a través da devandita materia desenvólvense todas elas, especialmente a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCCT), a competencia dixital(CD) e a competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) , (ademais da competencia financeira que se engade de modo extracurricular), dada a importancia instrumental das devanditas ciencias en relación con contidos propios da materia de Economía.

Aínda que cada materia contribúe de maneira distinta á adquisición destas competencias básicas, o currículo de Economía da empresa contribúe especialmente ao seu desenvolvemento desta maneira:

- **Competencia en comunicación lingüística**. Todas as materias deben contribuír á consecución desta competencia por parte do alumno. A lectura, ademais de ser fonte de pracer, facilita a interpretación e comprensión permitindo facer uso da lingua falada e escrita. a finalidade da materia de Economía da empresa radica primordialmente en alcanzar un dominio na competencia comunicativa dos alumnos, para que ao termo da etapa educativa haxan adquirido a capacidade de entender noticias básicas relacionadas coa economía na prensa xeneralista, así como recibir, entender e emitir mensaxes de contido económico correctamente. Tal desenvolvemento permitiralles construír o pensamento e expresar opinións fundadas sobre as mesmas.
  Por iso a materia de economía da empresa contribuirá á adquisición da competencia lingüística mediante a introdución de lecturas, comentarios de texto xornalístico ou a confección de actividades específicas de procura de información, de debate e análise.
- **Competencia matemática.** A adquisición desta competencia por parte do alumno supoñerá que teña a capacidade de poñer en práctica procesos de razoamento que lle leven á solución de problemas da vida cotiá.
  A competencia levará tamén a que poida razoar os problemas para extraer información, sendo capaz de identificar a validez dos razoamentos e dos resultados obtidos.
  Por iso a materia de economía da empresa contribúe á adquisición da competencia coa introdución nas distintas unidades de ferramentas matemáticas para a resolución de problemas, ademais da lectura e interpretación de gráficos e a resolución de problemas baseados na aplicación de expresións matemáticas.
- **Competencia no tratamento da información e competencia dixital**. A nosa materia contribúe a potenciar esta competencia polo feito de ter como obxectivo proporcionar coñecementos e destrezas para a procura e selección de información fundamentalmente en prensa escrita. A procura desta información require o uso adecuado de bibliotecas, hemerotecas ou o dominio das novas tecnoloxías da información para obter o máximo aproveitamento na fase de documentación á hora de realizar traballos de investigación. A realización guiada destas procuras constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital; a iso tamén contribúe, o uso que esta materia fai dos novos medios de comunicación dixitais que implican un uso social e participativo que os alumnos deben coñecer, valorar e utilizar de modo crítico e responsable.
  A LOMCE específica a este respecto que, «en canto á competencia dixital, os contidos, criterios e estándares de avaliación da materia incorporan o coñecemento e uso das

principais aplicacións informáticas: os sistemas de tratamento de textos, bases de datos, almacenamento e xestión de información, correo electrónico, etc. Tamén se procura desenvolver no alumnado a capacidade de buscar, obter e tratar a información, así como de utilizala de maneira crítica e sistemática, avaliando a súa pertinencia e diferenciando entre información real e virtual. Outra capacidade potenciada é a de utilizar ferramentas informáticas para producir, presentar e comprender información de complexidade progresiva e ter a habilidade necesaria para acceder a servizos baseados na internet, buscalos e utilizalos; pero, ao mesmo tempo, tamén a capacidade de saber como empregar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación en apoio do pensamento crítico, a creatividade e a innovación. Nesta materia, a utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación require unha actitude crítica e reflexiva en relación coa información dispoñible».

- **Competencia para aprender a aprender**. A adquisición desta competencia debe permitir ao alumno poder iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Por iso a materia de economía da empresa busca que o alumno teña a capacidade para motivarse por aprender, que á súa vez depende de que se xere a curiosidade e a necesidade desa aprendizaxe.

  O proxecto presentado busca, a través do modo en que se presentan os contidos e do tipo de actividades expostas, que o estudante senta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas propostas.

  Tentouse presentar unha serie de contidos de carácter práctico para achegar ao alumno á realidade que lle rodea con capacidade crítica e reflexiva. Moitas das actividades presentadas en cada unidade mostran tamén ese carácter competencial que permite a aprendizaxe permanente (actividades de debate, procura de información, Consellos para o teu exame, etc.)

- **Competencia social e cívica**. A competencia social e cívica ten como obxectivo que o alumno logre un desenvolvemento persoal e profesional que lle permita unha eficaz incorporación á sociedade e a unha contorna laboral real. Neste sentido, a Economía é unha ferramenta poderosa para a interpretación do mundo e poder abordar os fenómenos e problemas sociais en distintos contextos. Para poder participar plenamente na sociedade democrática, é fundamental adquirir os coñecementos que permitan comprender e analizar de maneira crítica as opinións e comportamentos dos demais, respectando a diversidade. Por outra banda, a sociedade reclama cada vez máis a presenza de persoas emprendedoras con ideas propias e iniciativa, que, de forma responsable estean dispostas a participar e implicarse en procesos de mellora esa sociedade.

  Tendo en conta todo o anterior, a materia busca formar un espírito crítico e reflexivo no alumno sobre os problemas económicos da nosa sociedade e o modo de resolvelos. Ademais, os contidos dalgunhas unidades expoñen algúns dilemas éticos relacionados co consumo ou a publicidade, por exemplo, que farán reflexionar ao alumno.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**. É a competencia máis directamente relacionada coa materia. A consecución da competencia nos alumnos permitirá conseguir futuros cidadáns emprendedores que participen e melloren a sociedade de modo activo.

  Por iso a materia de economía da empresa inclúe coñecementos e destrezas relacionados co mundo do traballo, a educación económica, a financeira e a organización empresarial.

Os contidos presentados no proxecto buscan no alumno fomentar a súa capacidade de pensamento creativo, aspecto este fundamental para o nacemento dos emprendedores., así como o coñecemento do funcionamento das sociedades empresariais desde o punto de vista ético e de responsabilidade social.
Buscando a consecución desta competencia, púxose especial coidado na elaboración das actividades, tentando sempre cubrir as diferentes formas de abordar a aprendizaxe por parte dos alumnos. As actividades de análises, debate, traballo en grupo, auto avaliación resolución de problemas e de toma de decisións son unha constante en todas as unidades.

- **Conciencia e expresións culturais**. Aínda que non é unha competencia directamente relacionada coa materia, o ensino desta tamén debe contribuír a conseguila desde o punto de vista da valoración das diferentes manifestacións culturais e artísticas que teñen a súa repercusión tamén na economía.
  Dentro dos contidos propostos abórdase o tema da publicidade que esixe por parte do alumno unha actitude crítica e reflexiva.

- **Competencia financeira (extracurricular)** Aínda que a LOMCE non cita a competencia financeira, dentro das capacidades que o alumno debe conseguir ao longo da etapa. A introdución da educación financeira nos currículo de ESO e Bacharelato é cada vez maior e vén dada polas recomendacións da UE e da OCDE que mesmo a inclúe xa dentro das avaliacións realizadas nos informes PISA (1).
  As razóns para incluír a educación financeira son variadas, e van desde as cada vez máis frecuentes crises económicas, aos axustes nos sistemas de axudas públicas ou os cambios demográficos que supoñen o progresivo envellecemento da poboación nos países desenvolvidos. Neste contexto faise necesario que os cidadáns aborden a toma de decisións de tipo financeiro coa maior información e coñecemento posible.
  Por iso a materia de economía da empresa busca que o alumno adquira capacidades que lles permitan a toma de decisións intelixentes en materia financeira, mantendo unha actitude crítica e analítica ante todas as ofertas que se lles presenten.
  Os contidos expostos abordan a planificación de gastos, a elaboración de orzamentos, ou o fomento do aforro como medio para a consecución da seguridade financeira no longo prazo. O alumno debe ser tamén capaz de xestionar de forma efectiva os seus gastos ou as débedas a curto prazo, logrando así os seus obxectivos persoais.

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non

discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado

A contribución os obxetivos nesta materia respeta as relacións que establece o Decreto 86/2015, do 25 de xuño. En particular, o logro do grao mínimo de consecución dos diferentes estándares de aprendizaxe contribuirá as competencias do alumnado e o alcance dos obxetivos de etapa establecidos no citado texto normativo.

# 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAJE AVALIABLE.

## A. TEMPORALIZACIÓN

| | UNIDADES DIDÁCTICAS | | TEMPORALIZACIÓN | |
|---|---|---|---|---|
| | UD. | CONTIDOS | MES | SESIONES |
| | | **BLOQUE 1. A EMPRESA** | | |
| 1ª AVALIACION | 1 | B1.1. A empresa e o/a empresario/a. | 5 | SEPT/OCT |
| | | B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa | | |
| | 2 | B1.3. Clases de empresas. | 10 | OCT |
| | | B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial | | |
| | 3 | B1.5. Contorno da empresa. | 6 | OCT/NOV |
| | | B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa | | |
| | | B1.7. Funcionamento e creación de valor. | | |
| | | **BLOQUE 2. DESENVOLVEMENTO DA EMPRESA** | | |
| | 4 | B2.1. Localización e dimensión empresarial | 6 | DIC |
| | | B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo. | | |
| | | B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado | | |
| | | B2.4. Importancia das pequenas e medianas empresas (PME) na economía. | | |
| | | B2.5. Internacionalización, competencia global e tecnoloxía | | |
| | | B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento | | |
| | | **BLOQUE 3. ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DA EMPRESA** | | |
| 2ª AVALIACION | 5 | B3.1. División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual. | 8 | ENERO |
| | | B3.2. Funcións básicas da dirección | | |
| | | B3.3. Planificación e toma de decisións estratéxicas. | | |
| | | B3.4. Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura. | | |
| | 6 | B3.5. A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación | 4 | ENE/FEBR |
| | | B3.6. Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación. | | |
| | | **BLOQUE 4. A FUNCIÓN PRODUTIVA** | | |
| 2º AVALIACIÓN | 7 | B4.1. Produción e proceso produtivo. | 10 | FEBR |
| | | B4.2. Función de produción. Produtividade e eficiencia | | |
| | | B4.3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial. | | |
| | | B4.4. Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa. | | |
| | | B4.5. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa. | | |
| | 8 | B4.6. Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios. | 10 | FEBR |
| | | **BLOQUE 5. A FUNCIÓN COMERCIAL DA EMPRESA** | | |
| 2º AVALIACION | 9 | B5.1. Departamento comercial da empresa | 8 | MARZO |
| | | B5.2. Concepto e clases de mercado. | | |
| | | B5.3. Técnicas de investigación de mercados. | | |
| | | B5.4. Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados | | |
| | 10 | B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias. | 8 | MARZO |
| | | B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial. | | |
| | | B5.7. Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing. | | |
| | | **BLOQUE 6. A INFORMACIÓN NA EMPRESA** | | |
| 2º / 3ª | 11 | B6.1. Obrigas contables da empresa. | 10 | MARZO / ABRIL |
| | | B6.2. A composición do patrimonio e a súa valoración. | | |
| | | B6.3. Resultados da empresa. | | |
| | | B6.4. As contas anuais e a imaxe fiel. | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| AVALIACIÓN | | B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias. | | |
| | 12 | B6.6. Análise e interpretación da información contable. | 12 | **ABRIL** |
| | | B6.7. Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave do súa estrutura e do seu funcionamento | | |
| | | **BLOQUE 7. A FUNCIÓN FINANCEIRA** | | |
| | 13 | B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa | 10 | **ABRIL** |
| | | B7.2. Concepto e clases de investimento | | |
| | | B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento. | | |
| 3º AVALIAC. | 14 | B7.4. Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento. | 12 | **ABRIL /MAIO** |
| | | B7.5. Ciclos de empresa. | | |
| | | B7.6. Período medio de maduración | | |

Distribuíronse os contidos en diferentes unidades didácticas. Con todo, poderase alterar a orde dos contidos e seccións de cada unidade se considera necesario ou conveniente. Do mesmo xeito, a temporalización é unha estimación que poderá variar o longo do curso.

## B. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Os criterios de avaliación distribuíronse nos 7 bloques que conforman o novo currículo oficial de 2º de Bacharelato , na materia de Economía da Empresa, a través do seguinte cadro:

| CRITERIO DE AVALIACIÓN |
|---|
| **BLOQUE 1: A EMPRESA** |
| B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital. |
| B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade |
| **BLOQUE 2: DESENVOLVEMENTO DA EMPRESA** |
| B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan. |
| **BLOQUE 3: ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DA EMPRESA** |
| B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados. |
| **BLOQUE 4: A FUNCIÓN PRODUTIVA** |
| B4.1. Analizar procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i. |
| B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado. |
| B4.3. Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión |
| **BLOQUE 5: A FUNCIÓN COMERCIAL NA EMPRESA** |
| B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos. |
| **BLOQUE 6: A INFORMACIÓN NA EMPRESA** |
| B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora. |

| |
|---|
| B6.2. Recoñecer a importancia do cumprimento das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan as empresas. |
| **BLOQUE 7: A FUNCIÓN FINANCEIRA** |
| B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoar a elección máis axeitada. |

**Os estándares de aprendizaxe básicos** desta área se corresponden co grao mínimo de consecución para superar a materia. Debe ser entendido como unha situación de aprendizaxe precisa e explícita o que o alumnado debe saber e saber-facer e que será considerada a como unha aprendizaxe imprescindible sen o cal o alumnado podería ter graves dificultades para continuar o proceso de ensino aprendizaxe na nosa materia.

Os restantes estándares de aprendizaxe atribuíselles un grao de consecución do 50%, como os anteriores serán avaliados cos procedementos e instrumentos correspondentes, o procedemento utilizado nestes estándares fundamental é a produción do alumno.

C. RELACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E Grao mínimo de consecución para superar a materia.

| COMPETENCIAS CLAVE | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE | GRADO MÍNIMO | PROBA ESCRIT | PRODUC. ALUMNO |
|---|---|---|---|---|---|
| CD<br>CMCCT<br>CSIE | B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital. | EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT | | EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | 50% | 80% | 20% |
| CAA<br>CD<br>CMCCT | | EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. | 50% | 80% | 20% |
| CCL<br>CSIEE | | EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. | 50% | 80% | 20% |
| CCL<br>CMCCT | B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan. | EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT<br>CSIEE | | EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa. | 50% | 80% | 20% |
| CCL<br>CMCCT<br>CSIEE | | EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. | 50% | 80% | 20% |

| COMPETENCIAS CLAVE | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE | GRADO MÍNIMO | PROBA ESCRIT | PRODUC. ALUMNO |
|---|---|---|---|---|---|
| CAA<br>CD<br>CMCCT | | EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos. | 50% | 80% | 20% |
| CSC<br>CSIEE | | EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. | 50% | 80% | 20% |
| CCL<br>CSC<br>CMCCT | | EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT<br>CSC | | EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global. | 50% | 80% | 20% |
| CMCCT<br>CSC | B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados. | EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. | 50% | 80% | 20% |
| CCL<br>CMCCT<br>CSIEE | | EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT<br>CSIEE | | EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións. | 50% | 80% | 20% |
| CAA<br>CD<br>CSC<br>CSIEE | | EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. | 50% | 80% | 20% |

| COMPETENCIAS CLAVE | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE | GRADO MÍNIMO | PROBA ESCRIT | PRODUC. ALUMNO |
|---|---|---|---|---|---|
| CAA<br>CMCCT<br>CSIEE | | EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. | 50% | 80% | 20% |
| CAA<br>CSC<br>CSIEE | | EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT | B4.1. Analizar procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i. | EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. | 50% | 80% | 20% |
| CMCCT<br>CSC | | EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. | 50% | 80% | 20% |
| CAA<br>CMCCT<br>CSC | | EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT | B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado. | EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT | | EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT | | EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. | 50% | 80% | 20% |
| CMCCT<br>CSIEE | | EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT | B4.3. Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión. | EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. | 50% | 80% | 20% |

| COMPETENCIAS CLAVE | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE | GRADO MÍNIMO | PROBA ESCRIT | PRODUC. ALUMNO |
|---|---|---|---|---|---|
| CD<br>CMCCT | | EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. | 50% | 80% | 20% |
| CMCCT<br>CSIEE | | EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. | 50% | 80% | 20% |
| CSIEE | B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos. | EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. | 50% | 80% | 20% |
| CAA<br>CD<br>CMCCT | | EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT<br>CSC<br>CSIEE | | EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. | 50% | 80% | 20% |
| CCL<br>CMCCT | | EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT | | EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT<br>CSC | | EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. | 50% | 80% | 20% |
| CCL<br>CMCCT | | EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT<br>CSC | | EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa. | 50% | 80% | 20% |

| COMPETENCIAS CLAVE | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE | GRADO MÍNIMO | PROBA ESCRIT | PRODUC. ALUMNO |
|---|---|---|---|---|---|
| CMCCT<br>CSIEE | B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora. | EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. | 50% | 80% | 20% |
| CMCCT | | EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. | 50% | 80% | 20% |
| CAA | | EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. | 50% | 80% | 20% |
| CMCCT | | EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apanlancamento da empresa, mediante a utilización de rateos. | 50% | 80% | 20% |
| CAA<br>CSIEE | | EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros. | 50% | 80% | 20% |
| CMCCT<br>CD | | EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. | 50% | 80% | 20% |
| CMCCT<br>CSIEE | | EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. | 50% | 80% | 20% |
| CAA<br>CSIEE | | EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT | | EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT<br>CSIEE | | EEB61.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa. | 50% | 80% | 20% |
| CMCCT<br>CSIEE | B6.2. Recoñecer a importancia do cumprimento das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan as empresas. | EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan. | 50% | 80% | 20% |

| COMPETENCIAS CLAVE | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE | GRADO MÍNIMO | PROBA ESCRIT | PRODUC. ALUMNO |
|---|---|---|---|---|---|
| CCL<br>CMCCT | | EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles. | 50% | 80% | 20% |
| CSC | | EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CSIEE<br>CMCCT | B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoar a elección máis axeitada. | EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT | | EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa. | 50% | 80% | 20% |
| CCL<br>CMCCT | | EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa. | 50% | 80% | 20% |
| CAA<br>CD<br>CMCCT | | EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. | 50% | 80% | 20% |
| CAA<br>CMCCT<br>CSIEE | | EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro. | 50% | 80% | 20% |
| CMCCT<br>CSIEE | | EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa. | 50% | 80% | 20% |
| CAA<br>CMCCT | | EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira. | 50% | 80% | 20% |
| CD<br>CMCCT | | EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos. | 50% | 80% | 20% |

| COMPETENCIAS CLAVE | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIAXE AVALIABLE | GRADO MÍNIMO | PROBA ESCRIT | PRODUC. ALUMNO |
|---|---|---|---|---|---|
| CCL<br>CMCCT<br>CSIEE | | EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases. | 50% | 80% | 20% |
| CMCCT<br>CAA<br>CD | | EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases. | 50% | 80% | 20% |

## D. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación dos estándares de aprendizaxe compre a utilización de procedementos e instrumentos de avaliación diversos. A táboa anterior recolle os mesmos para a convocatoria ordinaria ou avaliación continua.

Nos *procedementos de avaliación* recollemos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo.

Os instrumentos de avaliación constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes. No curso de 2º de bacharelato utilizaranse os seguintes:

| PROCEDIMIENTOS | INSTRUMENTOS |
|---|---|
| • **Análise de produción dos alumnos (PA)** | • Resolucións de exercicios e prácticas realizadas na clase, fora da clase recollidas na libreta.<br>• Realización de traballos individuais e colectivos. |
| • **Proba escrita** | Diferentes probas escritas, normalmente por Bloque ou UD |

- **<u>Análise da produción dos alumnos</u>**:

  - Realización e corrección dos exercicios, os exercicios feitos na clase e na casa, tarefas, e as técnicas de traballo desenvolvidas.
  - Presentación escrita de tarefas específicas: traballos individuais (búsqueda noticias en diarios, evolución de variables económicas, investigacións, etc.)

- **<u>Probas escritas</u>**

Realización unha ou máis probas por avaliación, valorada cada unha sobre 10. Cada unha delas poderá comprender:

- Preguntas tipo test de resposta múltiple.
- Unha parte práctica (problemas e/ou representacións gráficas) con carácter analítico.
- Finalmente, unha serie de cuestións de tipo teórico, a desenvolver de forma razoada polo alumno.

En cada proba específica indicarase ao alumnado a valoración correspondente a cada pregunta.

O profesor/a terá a disposición dos alumnos os criterios de corrección correspondentes a cada instrumento de avaliación.

O profesor/a terá a disposición dos alumnos os criterios de corrección correspondentes a cada instrumento de avaliación que terán como principal referencia os establecidos na web da CIUGA **http://ciug.gal/grupos/economia.php**

En cada proba especifica indicarase ao alumnado a valoración correspondente a cada pregunta.

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIERE A MATERIA

Sendo conscientes de que os alumnos que forman o grupo de clase, xeralmente, ten diferentes motivacións, capacidades, ambiente social, etc., unido ao feito de que como docentes temos como meta a formación integral do alumno, formándoo en todas as súas capacidades, non soamente as cognitivas supón para o profesor/profesora a necesidade de atender esas diferenzas, por iso utilizaranse ao longo do curso diversos modelos metodolóxicos:

Modelo expositivo: presentando o tema estruturado loxicamente para transmitir os coñecementos ao alumno e permitir que o alumno comprenda e sistematice os coñecementos especificativos da unidade didáctica.

Colaborativo: fomentando a participación dos alumnos durante a presentación do tema, na maior medida posible. Esta metodoloxía queda condicionada á evolución sanitaria.

Análise de casos ou exercicios prácticos co obxectivo de fixar os conceptos e interpretar noticias económicas ( uso fundamental de periódicos, Internet, aula virtual) Os alumnos realizarán exercicios na aula e tamén na casa.

Traballo por tarefas, por proxectos. O profesor/profesora poderá propoñer ao longo das distintas avaliacións diversos traballos que versarán sobre os distintos contidos da materia. Os traballos, xa sexan individuais ou en grupo, poderán expoñerse polo alumnado na aula. Promoveranse actividades próximas aos intereses dos alumnos e a realidade económica actual.

Estas metodoloxías favorecerán o traballo individual unhas veces e outras o traballo en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, así como o uso de técnicas e hábitos de investigación.

Sendo fundamental para os alumnos o uso das tecnoloxías da información e comunicación as cales preténdense potenciar dada a situación sanitaria.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

Durante o proceso de ensino e aprendizaxe da materia o profesor/profesora apoiarase basicamente o seguinte material didáctico:

Libros de texto guía :

- Alberto Pérez César. **“Economía de la Empresa”** . 2º Bachillerato. Editorial Galinova.
- Dicionario económico.
- Recortes de prensa relacionados con distintos conceptos económicos que servirán como actividade para o alumno; reflexionando e fixando os conceptos previamente explicados, debendo facer os alumnos comentarios sobre os mesmos, co cal será moi importante a participación do alumnado no desenvolvemento da clase.
- A taboleiro dixital, axudará nas explicacións do profesor.
- A aula de informática: busca de distintas fontes de información, portais educativo. Suxeita a disponibilidade e viabilidade sanitaria.
- Folla de cálculo
- Vídeos didácticos dispoñibles en plataformas educativas ás que ten acceso o centro.
- Utilización da Aula Virtual, o profesor poderá colgar diferentes recursos educativos para achegar os contidos ó alumnado
- Páxinas web como por exemplo:

  www.ipyme.org
  www.eugo.es
  www.igape.es

www.agenciatributaria.es
www.consumo-inc.es www.oepm.es
www.rmc.e
www.cnmc.e
www.seg-social.es
www.sepe.es

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO con presencialidade

**Convocatoria ordinaria**

A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso. Para aprobar a materia necesítase obter avaliación positiva (cinco ou superior sobre 10) en cada unha das tres partes.

**A nota final da convocatoria ordinaria será resultado da media aritmética das tres avaliacións do curso, sendo requisito aprobalas todas.**

A nota de cada avaliación ordinaria estará formada, nun 80% pola cualificación mediante as probas escritas e nun 20% pola produción e o traballo do alumnado.

**A nota de cada avaliación ordinaria en Economía** obterase como resultado de:

- **Probas escritas (80%)**

As probas escritas, con carácter xeral, sobre un bloque completo de contidos do currículo. Para obter unha cualificación positiva en cada avaliación, cómpre superar a proba escrita; **sen posibilidade** de compensación se a **cualificación é inferior a 4.**

- **Produción (20%)**

**A entrega de tarefas é condición necesaria para obter cualificación positiva en cada avaliación, pero non suficiente.**

Incluiranse notas do traballo na clase, realización dos exercicios para facer na clase, na casa, traballos individuais ou colaborativos.

Na corrección das probas escritas e traballos, terase en conta ademais dos contidos requiridos, as evidencias na adquisición de competencias. A tal efecto, poderase penalizar cada falta ortográfica de expresión, incoherencias ou falta de cohesión con ata 0,10 puntos.

Os traballos propostos durante o curso terán que ser entregados nas datas sinaladas. Os que sexan entregados máis tarde non serán recollidos, polo que serán cualificados cun cero.

Non se permitirán medios fraudulentos (chuletas, teléfono móbil, auriculares e en calquera outro tipo de soporte) nos exames, exercicios, traballos e probas. No caso de coñecer tales feitos as evidencias de aprendizaxe non serán avaliadas e a actuarase conforme ao disposto nas NOF.

**Recuperacións e nota final**

**Ofrirase a posibilidade de recuperar a avaliación suspensa ao inicio da seguinte e ofrirase tamén unha segunda oportunidade de recuperación ao final do curso**. Alternativamente e sempre a criterio do profesor, o alumnado que suspenda unha avaliación por non acadar o GMC só nalgún estándar de aprendizaxe ou en varios relacionados, poderá voluntariamente realizar un traballo de investigación de carácter expositivo por medios físicos ou dixitais como alternativa á proba escrita.

Tanto a proba escrita como a alternativa do traballo expositivo conservarán o peso do 80% e precisan igualmente acadar un mínimo de 4 sobre 10.

Ao finalizar o curso, **no mes de xuño**, farase unha proba final da materia para os alumnos que no acadaron o GMC en tódolos estándares asociados ós contidos traballados. A esta proba deberán presentarse os alumnos que teñan que recuperar algunha das avaliacións. No referente a recuperación, a cualificación final do alumnado terá en conta o 20% da produción durante o curso sempre que isto favoreza ó alumnado. En caso contrario o peso da proba escrita será dun 100%.

Co obxectivo da preparación das probas de recuperación, o profesor proverá ao alumnado das correspondentes actividades de seguimento, reforzo e apoio.

Por último e con carácter xeral, valorarase a actitude hacia a materia mostrada polo alumnado durante o desenvolvemento das aulas; a súa motivación, cooperación, esforzo mostrado na resolución das actividades propostas e o seu grao de participación. Esta actitude positiva reflítese no 20% da produción. Neste sentido, para o alumnado que obteña al menos un 5 sobre 10 durante a avaliación isto poderá supoñer un redondeo de ata 0,5 puntos na cualificación da avaliación ordinaria.

O alumnado que **non supere a materia na convocatoria ordinaria**, poderá acceder a unha proba escrita na **convocatoria extraordinaria de setembro**, que versará sobre os contidos tratados ao longo do curso e cun peso na cualificación do 100%. A materia quedará superada ou aprobada se o alumno obtén unha cualificación igual o superior a 5 puntos sobre 10.

## 8. criterios sobre DOCENCIA, avaliación, cualificación e promoción do alumnado con docencia semipresencial.

Se a situación sanitaria obrigase a levar a cabo unha docencia semipresencial, entendendo como tal a presencia rotatoria do alumnado, priorizarase o traballo práctico de carácter analítico (resolución de problemas, interpretación de gráficos, análisis de situacións, etc.) e o traballo teórico traballaríase de maneira virtual a través de ferramentas oficiais como a Aula Virtual do centro, que garanticen o dereito do alumnado á educación e o dereito a privacidade.

Neste contexto considérase viable a realización das probas escritas polo que son de aplicación os criterios de avaliación, cualificación e promoción do apartado 7 anterior. Pese á modificación dos instrumentos de avaliación, mantéñense os mínimos a superación da materia ó final do curso e por avaliación.

## 9. CRITERIOS SOBRE DOCENCIA, AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓNE PROMOCIÓN DO ALUMNADO con DOCENCIA TELEMÁTICA.

Se a situación sanitaria obrigase a levar a cabo unha docencia 100% telemática, as ferramentas TIC como a Aula Virtual do centro funcionarán como apoios metodolóxicos para a docencia. Buscarase garantir o acceso ó alumnado ós contidos mediante materiais de traballo periódico obxeto de avaliación.

A avaliación do alumnado dependerá exclusivamente da produción cuxo peso específico será do 100%. O peso específico das diferentes tarefas, así como a data máxima de entrega reflectiranse en cada unha delas.

A impartición de sesións virtuais queda condicionada a dispoñibilidade de medios telemáticos, así como a súa viabilidade, dependente de aspectos como a calidade da conexión ou a Ley de Protección de Datos para o conxunto da comunidade educativa, principalmente o alumnado. Neste último sentido, a única ferramenta que este departamento contempla é a autorizada actualmente pola Consellería, Webex.

Pese a modificación dos instrumentos de avaliación, mantéñense os mínimos a acadar para a superación da materia ó final do curso e por avaliación.

## 10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Como establece o decreto 86/2015, do 25 de xuño do currículo de Galicia nos artigos 21.3 (ESO) e 33.4 (BAC) o profesorado avaliará súa propia práctica docente, establecendo **indicadores de logro** nas programacións didácticas. O Departamento de Economía estableceu os seguintes indicadores de logro.

A valoración de cada unha das cuestións suscitadas realízase nunha escala de 1 a 4, marcando con X a casilla correspondente, tendo en conta que:

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **III. SOBRE ASPECTOS XERAIS** | | | | | |
| **VALORA A INFLUENCIA QUE HAN TER NA TÚA PRÁCTICA DOCENTE OS SEGUINTES ASPECTOS** | | | | | |
| 1. | O número de alumnos dos grupos aos que deches clase | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 2. | A heteroxeneidade do alumnado | | | | |
| 3. | O interese do alumnado pola materia | | | | |
| 4. | A cantidade de actividades extraescolares feitas polos grupos aos que se lles deu clase | | | | |
| 5. | O comportamento dos grupos aos que se lle deu clase | | | | |
| 6. | O plan de Atención á Diversidade do Centro | | | | |
| 7. | A hora de desenvolver as clases, tiven en conta as características dos alumnos | | | | |
| 8. | No desenvolvemento das clases, impliquei aos alumnos | | | | |
| 9. | Levei a termo a programación prefixada | | | | |
| 10. | Informei a cada grupo de alumnos dos elementos esenciais da programación da materia | | | | |
| 11. | Perdín tempo nas clases por falta de previsión ou planificación por miña parte | | | | |
| **II. SOBRE RELACIÓNS PROFESOR-ALUMNOS** | | | | | |
| 12. | Fun respectuosa e dialógante con todos e cada un de meus alumnos | | | | |
| 13. | Tiven en conta os seus intereses e as súas necesidades | | | | |
| 14. | Promovín entre eles boas relacións de traballo | | | | |
| 15. | Propiciei o traballo en grupo na clase | | | | |
| 16. | Preocupeime de “formar” e non só de “informar” | | | | |
| 17. | Preocupeime por su crecemento intelectual, humano, afectivo i ético | | | | |
| 18. | Fomentei entre meus alumnos a capacidade de análises e sínteses | | | | |
| 19. | Promovín entre os meus alumnos a participación e colaboración | | | | |
| 20. | Promovín entre os meus alumnos a crítica construtiva e reflexiva | | | | |
| 21. | Fomentei entre os meus alumnos o razoamento lóxico | | | | |
| 22. | Fomentei entre os meus alumnos a comunicación oral e escrita | | | | |
| 23. | Promovín entre os meus alumnos a educación en valores | | | | |

| INTÉI ENTRE OS MEUS ALUMNOS PROMOVER: | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 24. | Actitude de autenticidade, honradez | | | | |
| 25. | Actitude de participación | | | | |
| 26. | Disciplina, responsabilidade | | | | |
| | **VALORACIÓN** | **1** | **2** | **3** | **4** |
| 27. | Sinceridade | | | | |
| 28. | Tolerancia, respeto cara os demais e á natureza, solidaridade | | | | |
| 29. | Capacidade crítica | | | | |
| 30. | Compañeirismo | | | | |
| 31. | Traballo en equipo | | | | |
| 32. | Gusto polo traballo ben feito | | | | |
| **III. SOBRE ASPECTOS FORMATIVOS** | | | | | |
| 33. | Estou o corrente dos últimos avances científicos en relación coas materias que imparto | | | | |
| 34. | Levo a cabo con asiduidade actividades de formación | | | | |
| 35. | Preocupeime por coñecer a realidade nacional e internacional que poida repercutir nas miñas materias | | | | |
| 36. | Preocupeime por la innovación educativa | | | | |
| **IV. SOBRE ASPECTOS METODOLÓXICOS** | | | | | |
| 38. | Preparei as clases con tempo suficiente | | | | |
| 39. | Utilicei a metodoloxía posta na programación | | | | |
| 40. | Facilitei os meus alumnos que “ aprendan a aprender” | | | | |
| 41. | Utilicei diferentes metodoloxías, según a materia, o momento e as necesidades de todos os meus alumnos” | | | | |
| 42. | Axudei ós meus alumnos a facer resumes i esquemas dos temas da materia | | | | |
| 43 | Introducín cambios metodolóxicos en función dos resultados obtidos polos alumnos | | | | |
| **V. SOBRE A UTILIZACIÓN DE MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS** | | | | | |
| 44. | Aportei as clases materias complementarios e actualizados | | | | |
| 45. | Utilicei materiais variados na clase: artigos de prensa, revistas, cómics, vídeos, etc | | | | |
| 46. | Utilicei habitualmente as tecnoloxías da información e da comunicación( TIC) nas miñas clases | | | | |
| **VI. SOBRE MIÑA ACTIVIDADE AVALIADORA** | | | | | |
| 49. | Realicei a avaliación da acordo a ditos criterios. | | | | |
| 50. | Para poñer a cualificación tiven en conta os criterios de cualificación fixados na programación | | | | |
| 51. | Os procedementos e instrumentos de avaliación que utilicei foron axeitados ao alumnado a quen van dirixidos. | | | | |
| 5.2 | Informei a meus alumnos dos resultados da avaliación | | | | |
| 53. | Estou ó corrente das derradeiras normativas sobre avaliación | | | | |
| 54. | Eu auto avalíome con frecuencia aínda que non me lo exixan | | | | |
| 55. | Procurei que as sesións de avaliación non foran “ un canto de notas” | | | | |

## 11. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, de ser o caso..

Non é de aplicación xa que non existe alumnado con a materia de Economía da empresa suspensa do curso 2020/2021.

## 12. AVALIACION INICIAL DO ALUMNADO

O inicio do curso farase unha avaliación non computable dos coñecementos previos da materia así como os seus intereses co fin de adaptar a práctica docente á realidade dos grupos.

## 13. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Sendo conscientes de que os alumnos que forman o grupo clase son distintos nas súas motivacións, capacidades, ambiente social, etc., unido ao feito de que como docentes temos como meta a formación integral do alumno, formándoo en todas as súas capacidades, non soamente nas cognitivas, o profesor/a deberá atender esas diferenzas. Por iso, seguiranse as seguintes pautas:

- Emprego de metodoloxías didácticas diversas, como recurso que se pode introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia dos distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos.

- Proposta de actividades diferenciadas e variadas, que se adaptarán ás motivacións, intereses e necesidades que presenten os alumnos. Tratándose de alumnos que manifesten algunha dificultade para traballar determinados contidos, axustaranse o grao de complexidade da actividade e os requirimentos da tarefa, ás súas posibilidades, ademais de ter plantexadas actividades de reforzo para estas situacións.

- Materiais didácticos diversos. O emprego de materiais curriculares e recursos didácticos variados permitirá unha mellor adaptación aos diferentes tipos de capacidades, intereses e motivacións dos alumnos. Tamén se poderán utilizar os recursos materiais segundo o grado de dificultade, utilizando en cada caso aqueles que adecúen mellor ás necesidades do alumnado.

- Agrupamentos flexibles e ritmos distintos. Na medida en que se promova o traballo en equipo, farase máis doado a interacción entre os alumnos. Ademais, ao subdividir o grupo de alumnos en grupos homoxéneos, resultará máis sinxelo axeitar a axuda pedagóxica ás súas necesidades específicas.

## 14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais, que non son materias engadidas, senón un conxunto de coñecementos, hábitos, valores, etc., deben entrar a formar parte do desenvolvemento de todas e cada unha das materias básicas en que se organiza o currículo.

A educación ten por finalidade capacitar aos individuos para que se desenvolvan no seu medio de forma autónoma e para iso contribúe a desenvolver nos alumnos/as aquelas capacidades que lles van a proporcionar se cidadáns plenos. Pero hai cuestións transcendentais que non se abordan de forma exclusivamente académica como o traballo do desenvolvemento e construción persoal. Atopámonos coa necesidade de educar aos alumnos/as en valores e axudarlles a aprender a vivir, adoptando unha forma de vida que sexa posible soster, para crear cidadáns libres, autónomos e con principios para enfrontarse de forma crítica na sociedade que lles acolle. Esta sociedade demanda que non só se transmitan coñecementos, senón que as escolas formen a persoas que sexan capaces de vivir e convivir no respecto, a liberdade e os principios democráticos.

Os temas transversais son contidos basicamente actitudinais que van influír no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal do noso alumnado, como para o desenvolvemento dunha sociedade máis libre, democrática, respectuosa co medio e tolerante.

O Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, determina que en Educación Secundaria Obrigatoria, estes elementos son:

- Comprensión lectora e expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- Emprendemento.
- Educación cívica e constitucional.

Traballaremos a educación en valores de forma transversal e continua, ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, e facémolo cun carácter interdisciplinar e dunha forma atraente para o alumnado.

## 15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A realidade sanitaria que estamos a vivir condiciona este tipo de actividades. Procurarase dar continuidade as dinámicas levadas a cabo na época previa a pandemia tendo en conta que as directrices sanitarias habilitan aos centros educativos a organización de actividades extraescolares.

## 16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

O departamento de Economía estableceu unha serie de pautas para a avaliación e seguimento da súa programación:

A avaliación de programación require de instrumentos que permitan recoller información sobre o grado de posta en práctica da mesma, o motivo polo cal puidera xurdir algunha desviación, consecución de obxectivos, interese e participación do alumnado, melloras que se poidan introducir, etc. para poder modificala de tal xeito que se chegue a optimizar o máximo posible.

Para avaliar a programación:

O departamento de Economía, ao remate de cada avaliación fará un seguimento dos obxectivos marcados analizando en que medida se cumpriron, para iso, analizaranse os diversos aspectos e adaptaranse os mecanismos correctores en caso de non acadar algún obxectivo parcial.

# Programación do curso 2022/2023

# INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL

## 4º ESO

**IES Val do Lea**

**Ponteareas**

**(Pontevedra)**

**Profesor: Xurxo Gómez Alonso**

# INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL

## Introdución

O espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación, a perseveranza, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas lo fagan coa finalidade de levar a cabo un proxecto empresarial propio.

Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

A estrutura desta materia consta de tres grandes bloques: o primeiro, titulado "Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a; no segundo bloque, "Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente; e para finalizar, un bloque que baixo o título de "Finanzas. Forma xurídica das empresas" analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial,a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

**Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais e concreción dos obxectivos de etapa.**

Esta materia contribúe ao desenvolvemento, ademais, da competencia de sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como das competencias de comunicación lingüística e matemática, e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital, sociais e cívicas, e a competencia de aprender a aprender.

**Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:**

**Mínimos esixíbeis**

Esixirase un grao mínimo de consecución do 50% para cada un dos estándares de aprendizaxe.

**Secuenciación e temporalización**

A dedicación prevista para cada un dos bloques de información é a seguinte:

1ª avaliación

Bloque 1.- Autonomía persoal, liderado e innovación .................................26 sesións

2ª avaliación

Bloque 2 .- Proxecto de empresa ...........................................................25 sesións

3ª avaliación

Bloque 3.- Finanzas. Formas xurídicas da empresa .................................... 21 sesións

Total sesións......................................................................................... 72

O resto do horario lectivo dedicarase a:

E. Actividades complementarias

F. Actividades extraescolares

G. A realización das diferentes probas e exames

H. A facer na clase, cando ensine os exames corrixidos, esas probas,como un elemento pedagóxico máis.

I. Á "Hora de ler", programa transversal no que participa todo o alumnado da ESO, dedicando vinte minutos cada día nunha das clases que teña ese día á lectura.

**Procedementos e instrumentos de avaliación**

**Convocatoria ordinaria**

A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso. Para aprobar a materia necesítase obter avaliación positiva (cinco ou superior sobre 10) en cada unha das tres partes.

**A nota final da convocatoria ordinaria será resultado da media aritmética das tres avaliacións do curso, sendo requisito aprobalas todas.**

A nota de cada avaliación ordinaria estará formada, nun 80% pola cualificación mediante as probas escritas e nun 20% pola produción e o traballo do alumnado.

**A nota de cada avaliación ordinaria** obterase como resultado de:

a. **Probas escritas (80%)**

As probas escritas, con carácter xeral, sobre un bloque completo de contidos do currículo. Para obter unha cualificación positiva en cada avaliación, cómpre superar a proba escrita; **sen posibilidade** de compensación se a **cualificación é inferior a 4.**

b. **Produción (20%)**

**A entrega de tarefas é condición necesaria para obter cualificación positiva en cada avaliación, pero non suficiente.**

Incluiranse notas do traballo na clase, realización dos exercicios para facer na clase, na casa, traballos individuais ou colaborativos.

Na corrección das probas escritas e traballos, terase en conta ademais dos contidos requiridos, as evidencias na adquisición de competencias. A tal efecto, poderase penalizar cada falta ortográfica de expresión, incoherencias ou falta de cohesión con ata 0,10 puntos.

Os traballos propostos durante o curso terán que ser entregados nas datas sinaladas. Os que sexan entregados máis tarde non serán recollidos, polo que serán cualificados cun cero.

Non se permitirán medios fraudulentos (chuletas, teléfono móbil, auriculares e en calquera outro tipo de soporte) nos exames, exercicios, traballos e probas. No caso de coñecer tales feitos as evidencias de aprendizaxe non serán avaliadas e a actuarase conforme ao disposto nas NOF.

**Recuperacións e nota final**

**Ofrirase a posibilidade de recuperar a avaliación suspensa o inicio da seguinte e ofrirase tamén unha segunda oportunidade de recuperación ao final do curso**. Alternativamente e sempre a criterio do profesor, o alumnado que suspenda unha avaliación por non acadar o GMC só nalgún estándar de aprendizaxe ou en varios relacionados, poderá voluntariamente realizar un traballo de investigación de carácter expositivo por medios físicos ou dixitais como alternativa á proba escrita. Tanto a proba escrita como a alternativa do traballo expositivo conservarán o peso do 80% e precisan igualmente acadar un mínimo de 4 sobre 10.

Ao finalizar o curso, **no mes de xuño**, farase unha proba final da materia para os alumnos que no acadaron o GMC en tódolos estándares asociados ós contidos traballados. A esta proba deberán presentarse os alumnos que teñan que recuperar algunha das avaliacións. No referente a recuperación, a cualificación final do alumnado terá en conta o 20% da produción durante o curso sempre que isto favoreza ó alumnado. En caso contrario o peso da proba escrita será dun 100%.

Co obxectivo da preparación das probas de recuperación, o profesor proverá ao alumnado das correspondentes actividades de seguimento, reforzo e apoio.

Por último e con carácter xeral, valorarase a actitude hacia a materia mostrada polo alumnado durante o desenvolvemento das aulas; a súa motivación, cooperación, esforzo mostrado na resolución das actividades propostas e o seu grao de participación. Esta actitude positiva reflítese no 20% da produción. Neste sentido, para o alumnado que obteña al menos un 5 sobre 10 durante a avaliación isto poderá supoñer un redondeo de ata 0,5 puntos na cualificación da avaliación ordinaria.

**O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, poderá acceder a unha proba escrita na convocatoria extraordinaria de setembro, que versará sobre os contidos tratados ao longo do curso e cun peso na cualificación do 100%. A materia quedará superada ou aprobada se o alumno obtén unha cualificación igual o superior a 5 puntos sobre 10.**

**Concrecións metodolóxicas**

Proponse seguir unha metodoloxía en que a materia sirva para descubrir problemas empresariais relacionados co contexto sociocultural en que se atope o alumnado, con especial referencia á realidade local ou galega en xeral.

Preténdese a realización de pequenas investigacións do contorno para que o seu estudo resulte máis próximo e útil. Para o desenvolvemento do currículo da materia poderán implementarse, entre outras, as seguintes estratexias metodolóxicas:

* Obtención de información de empresas a partir de diversas fontes (prensa, estudos estatísticos, enquisas, bases de datos, visitas a empresas, informes económicos).

* Rexistro, tratamento, interpretación e representación de información relevante no ámbito da empresa e posterior transmisión desta con diferentes soportes, con especial atención ao uso das TIC.

* Análise, simulación e resolución de casos sinxelos do mundo empresarial: identificación da situación e dos seus elementos, selección de conceptos e técnicas para a súa aplicación na análise do caso, elaboración de conclusións e selección das decisións que se van tomar así como avaliación final das decisións tomadas, sendo conscientes da dimensión ética que comporta a toma de decisións.

* Planificación dun proxecto de iniciativa empresarial: busca, valoración e selección de ideas, programación do proxecto, análise do contorno, análise interna e estudo da viabilidade económica e financeira do proxecto.

* Realización de traballos de investigación sobre actividades emprendedoras, facendo especial fincapé na necesidade de planificación, organización, execución e control, valorando a necesidade de crear equipos de traballo que cooperen e creen sinerxías positivas para o conxunto.

**Materiais e recursos didácticos**

Para levar adiante o proceso de ensinanza e aprendizaxe precisaremos apoiarnos nuns recursos que poden estar en soportes informáticos, escritos ou audiovisuais.

J. O libro: Iniciación a la actividade emprendedora e empresarial de 4º da ESO, Editorial: Editex.

K. O uso do xornal segue a ser importante, dada a variedade da información que proporciona e a facilidade do seu manexo.

L. Internet é unha fonte de información que cada vez se fará máis imprescindíbel para obter datos, ampliar informacións, contactar con organismos, eta.

M. Utilizarei o material audiovisual que considere axeitado para impartir dun xeito ameno e formativo esta materia. A modo de exemplo sinalarei dous recursos:

1ª) O cine : con películas como "Tempos Modernos" (de Charles Chaplin) ou "Wall Street" (dirixida por Oliver Stone).

2ª) Reportaxes de televisión como as series "Emprende" e "Emprende Dixital" .

Intentarase usar para o proceso de ensino – aprendizaxe outros materiais:

3. Revista *Emprendedores.*

4. *Prensa xeralista:* Participaremos se é posible nas materias que se imparten do Departamento de Economía co "Programa Prensa-Escuela", patrocinado polo xornal *La Voz de Galicia*, polo cal un día cada semana (os mércores) o alumnado vai dispor do seu propio exemplar, que será un importante e actualizado material a traballar.

5. *Diarios de información económico-empresarial* (*Cinco Días, Expansión, La Gaceta de los negocios….),* que utilizaremos de cando en vez na clase. Proporcionarei eu os exemplares, xa sexa porque o mercase eu o porque o solicito en bibliotecas da cidade (que os doan unha vez superado o prazo que estiman axeitado).

**Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**

Trimestralmente pasarase unha enquisa ao alumnado para detectar puntos de mellora na práctica docente. Esta enquisa procurará recabar información relativa a calidade das sesións, satisfacción coa materia, metodoloxías empregadas, grao de dificultade dos contenidos, e suxestións co fin de mellorar a práctica docente.

**Organización das actividades de seguimento, recuperación, avaliación das materias pendentes.**

No aplica

**Diseño de avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan dotar como consecuencia dos seus resultados.**

No inicio do curso pasarase unha proba escrita con cuestións básicas referidas a cada unha das unidades didácticas, e na mesma sesión avaliarase o nivel de coñecemento do alumnado. Esta dinámica levarase a cabo o longo do curso ao inicio de cada unidade didáctica e/ou bloque de contidos.

**Medidas de atención á diversidade**

Cómpre actuar sobre a diversidade, tratando de xeito diferente aos que se atopan en situación diferente. Farase un esforzo para atender a cada alumno ou alumna da forma máis personalizada posíbel, tendo en conta o seu nivel de coñecementos e capacidades que posúe, as súas motivacións e ritmo de aprendizaxe, etc.

Naquelas ocasións en que sexa necesario realizaranse adaptacións curriculares, modificando material escolar, actividades, método, grupos de traballo, tempo e orde dos contidos e criterios de avaliación, aplicándoos de forma individualizada.

**Concreción dos elementos transversais**

Os temas transversais que a normativa educativa estabelece, por ser contidos que responden a unha demanda da sociedade, estarán presentes ao longo do curso fundamentalmente no sentido actitudinal e de valores. Serán traballados conxuntamente cos temas que, polas súas características, sexan máis acordes.

**Uso das TIC´s**

Nesta materia usarei as *Tecnoloxías da Información e da Comunicación* desde unha tripla perspectiva:

6. Co emprego directo na aula, mediante a proxección en pantalla (co "cañón") de contidos elaborados para esta materia.

7. Coa utilización polo alumnado das "novas tecnoloxías" directamente, na Aula de Informática.

8. Co uso destas novas tecnoloxías polo alumnado na súa casa, para elaborar traballos que logo presentarán na clase (e puntuarán ata un máximo dun punto en cada avaliación, como xa subliñei antes).

**Actividades extraescolares e complementarias**

9. Os alumnos e alumnas desta materia poderán realizar unha visita específica a unha empresa das existentes no contorno, co obxectivo de completar a súa formación específica, comprobando cómo se leva adiante a actividade, cómo se organiza, eta. Deberán facer por equipos un traballo previo de achegamento a esa empresa (có uso das TICs) e logo un máis detallado en que se reflicta o principal do escoitado e observado na visita da empresa.

10. Persoal da Oficina Municipal, da Deputación de Pontevedra, o outra institución o entidade privada poderá impartir para este grupo de alumnos/as no noso Instituto, obradoiros, xornadas, para darlle pulo ás iniciativas emprendedoras, así como a subliñar algunhas das claves do emprendemento na actualidade (especialmente nas empresas vencelladas coas novas tecnoloxías).

**Mecanismo de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica**

Una vez cada trimestre se revisará la temporalización facendo un seguemento da mesma, detectando sesgos respeto ao programado o inicio do curso. Isto poderá constituir unha fonte de información para mellorar o presente documento no futuro.

## V. REFERENCIAS NORMATIVAS

**Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE**), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

**Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro,** polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

**Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro**, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).

**Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).

**Decreto 324/1996, de 26 de xullo**, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

**Orde do 15 de xullo de 2015** pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

**Resolución do 17 de xuño de 2021** pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.

**Ponteareas, 19 de setembro de 2022**

**O xefe do departamento:**

**Miguel Ángel Fontán Pérez**

**ANEXO I: MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN LOMCE DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA.**

Tras a modificación do calendario escolar introducida pola Orde do 27 de decembro de 2022, incorpóranse os seguintes cambios:

➢O epígrafe "15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES" que comprendían o período dende a Terceira Avaliación ata a Avaliación final, pasa a titularse "ACTIVIDADES PARA A RECUPERACIÓN FINAL":

Con respecto á recuperación final, aínda que tras a modificación do calendario introducida pola Orde do 27 de decembro de 2022 non se establece un período para a realización de actividades destinadas a tal fin, ofrecerase ao alumnado, antes da avaliación final, a posibilidade de refacer as exposicións que recibiron unha cualificación negativa ao longo do curso.